

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE XULLO DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e sete de xullo de dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. José Angel Vieiro Amor
D. Yago Lage Caramelo (voceiro)

Concelleira non adscrita:

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE AO PLENO ORDINARIO DE 29 DE XUÑO DE 2017
2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -2º TRIMESTRE 2017-
3. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP; COMPOSICIÓN DEFINITIVA COMISIÓNS INFORMATIVAS MUNICIPAIS E MESA DE CONTRATACIÓN.
4. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2016. ACORDOS QUE PROCEDAN.
5. DESINACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN QUE INTEGRARÁN O CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

6. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN 1ª DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

7. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE FUNCIONAMENTO E RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

8. APROBACIÓN DO PROXECTO NOMEADO REPARACIÓN E ASFALTADO A BASE DE AGLOMERADOS ASFÁLTICOS DOS CAMIÑOS: INTERSECCIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL DP0801 (P.K. 1880, MARXE DEREITA) CO CAMIÑO A PISÓN, PARROQUIA DE VIXOI E INTERSECCION DA ESTRADA PROVINCIAL DP0813 (P.K. 2,600, MARXE ESQUERDA) CO CAMIÑO A OUTEIRO-OUCES, PARROQUIA DE OUCES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

9. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO/2017 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2_SC. ACORDOS QUE PROCEDAN.

10. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

11. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE ACOLLEMENTOS CIVÍS DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

12. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

13. ASUNTOS URXENTES.

14. ROGOS E PREGUNTAS

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE AO PLENO ORDINARIO DE 29 DE XUÑO DE 2017

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xuño, través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntálles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a dita acta.

Toma a palabra o Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova, para dicir que advertiu un erro na páxina 15, na cuarta liña do parágrafo da súa intervención, onde di: "... *perseguindo unhas pautas...*" **debe dicir** "...*seguinto unhas pautas...*"

Subsanado o erro na forma indicada, e non formulándose mais observacións, por unanimidade de votos a favor (trece), apróbbase a referida acta.

2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -2º TRIMESTRE 2017-.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

3. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP; COMPOSICIÓN DEFINITIVA COMISIÓNS INFORMATIVAS MUNICIPAIS E MESA DE CONTRATACIÓN.

Dáse conta do escrito presentado polo grupo municipal do PP, con núm. rexistro de entrada 4896 do 30.06.2017, polo que se comunica que o portavoz titular será don Yago Lage Caramelo e o suplente, don José Ángel Vieiro Amor. Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 125.c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, comunican os integrantes das comisións informativas, así como da mesa de contratación de obras permanente.

Polo tanto, de conformidade co acordo plenario do 07.07.2015, modificado por acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 26.05.2016, e á vista dos escritos presentados polos distintos grupos municipais, ao abeiro do disposto no artigo 125.c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais:

1. A composición definitiva da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno é a seguinte:
PSdG-PSOE: a alcaldesa-presidenta, dona Alejandra Pérez Máquez. Presidenta (suplentes: pola orde de suplencia, os tenentes da alcalde)
VB: Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes: M.^a del Loreto Caseiras Arroyo e Alicia M.^a Souto Ramos).
PP: José Ángel Vieiro Amor (suplente: Yago Lage Caramelo)
SON de Bergondo-Anova: Juan Antonio Fariña Pedreira (suplente: Eloy Babío Veiga).
Concelleira non adscrita: Antonia M.^a Sanjurjo Seijas

2. A composición definitiva da Comisión Informativa Especial para o seguimento, estudo e informe do PXOM é a seguinte:
PSdeG-PSOE: a alcaldesa presidenta, dona Alejandra Pérez Máquez. Presidenta (suplentes: pola orde de suplencia, os tenentes da alcalde)
VB: Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes: M.^a del Loreto Caseiras Arroyo e Alicia M.^a Souto Ramos).
PP: Yago Lage Caramelo (suplente: José Ángel Vieiro Amor)
SON de Bergondo-Anova: Juan Antonio Fariña Pedreira (suplente: Eloy Babío Veiga).
Concelleira non adscrita: Antonia M.^a Sanjurjo Seijas.

3. A composición definitiva da Comisión Informativa Especial para o seguimento e estudo en materia de vertidos medioambientais é a seguinte:
PSdeG-PSOE: a alcaldesa presidenta, dona Alejandra Pérez Máquez. Presidenta (suplentes: pola orde de suplencia, os tenentes da alcalde)
VB: Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes: M.^a del Loreto Caseiras Arroyo e Alicia M.^a Souto Ramos).
PP: José Ángel Vieiro Amor (suplente: Yago Lage Caramelo)
SON de Bergondo-Anova: Juan Antonio Fariña Pedreira (suplente: Eloy Babío Veiga).
Concelleira non adscrita: Antonia M.^a Sanjurjo Seijas

4. A composición definitiva da Comisión Especial de Contas é a seguinte:

PSdeG-PSOE: a alcaldesa presidenta, dona Alejandra Pérez Máquez. Presidenta (suplentes: pola orde de suplencia, os tenentes da alcalde)

VB: Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes: M.^a del Loreto Caseiras Arroyo e Alicia M.^a Souto Ramos).

PP: Yago Lage Caramelo (suplente: José Ángel Vieiro Amor)

SON de Bergondo-Anova: Juan Antonio Fariña Pedreira (suplente: Eloy Babío Veiga).

Concelleira non adscrita: Antonia M.^a Sanjurjo Seijas

A composición definitiva da **Mesa de contratación de obras** é a seguinte:

Presidenta: A alcaldesa, dona Alejandra Pérez Máquez (suplentes: pola orde de suplencia os Tenentes de alcalde)

Vogais:

- Polo PSdeG-PSOE: Francisco Javier Santos Maseda (suplentes: José Ramón Lorenzo Carou, M^a Begoña Calviño Dorado, e Patricia María Vázquez Figueroa)

- Por VB: Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes: M^a del Loreto Caseiras Arroyo e Alicia M^a Souto Ramos)

- Polo PP: José Ángel Vieiro Amor (suplente: Yago Lage Caramelo)

- Por SON de Bergondo-Anova: Juan Antonio Fariña Pedreira (suplente: Eloy Babío Veiga)

Concelleira non adscrita: Antonia M.^a Sanjurjo Seijas

- Roberto M. Chao Gavilán, arquitecto municipal

- Juan Carlos Gómez Pérez, arquitecto técnico municipal

- Laura Gutiérrez Ortiz, interventora municipal ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

- Ana M^a Cacharrón Castelos, secretaria xeral municipal ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

Secretaria: Rosa M^a Calviño Calvete ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

O Pleno toma coñecemento e queda enterado.

4. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2016. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

"Unha vez rendidos pola Alcaldía os estados e contas anuais, a Intervención municipal nos termos establecidos no artigo 212 do R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), procedeu (segundo Providencia de Alcaldía de 20 de abril de 2017) a formar a Conta Xeral, emitindo un informe de data 27 de abril de 2017, que acompaña á mesma, no que entre outros extremos informa sobre a Regra 49.4 da Instrucción de Contabilidade que establece que *"La aprobación de la Cuenta General es un acto esencial para la fiscalización de ésta por los órganos de control externo, que no requiere la conformidad con las actuaciones reflejadas en ella ni genera responsabilidad por razón de las mismas"*

A Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 25 de maio de 2017, ditaminou favorablemente a Conta Xeral de 2016, procedéndose á súa exposición pública no Boletín Oficial da Provincia nº 106 de data 7 de xuño de 2017. Transcorrido o prazo sinalado no artigo 212.3 do TRLRFL sen que se producisen reclamacións e en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do citado texto legal, propoño ó Pleno da Corporación, que previo exame do expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2016, co desglose das Contas e Estados que a forman, e se indican a continuación:

	Exercicio 2015	Exercicio 2016

1. BALANCE DE SITUACIÓN: TOTAL ACTIVO E PASIVO	26.665.718,67 €	28.357.216,45 €
2. CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL:		
Aforro	361.494,23 €	1.112.870,51 €
Desaforro	0,00 €	0,00 €

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A) RESULTADO ORZAMENTARIO EJERCICIO 2016.

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	5.868.864,74	4.501.632,42		1.367.232,32
b.- Operacións correntes non financeiras	441.006,51	1.061.219,80		-620.213,29
1. Total operacións non financeiras (a+b)	6.309.871,25	5.562.852,22		747.019,03
c.- Activos financeiros	4.426,31	8.253,82		-3.827,51
d.- Pasivos financeiros	0,00	0,00		0,00
2. Total operacións financeiras (c+d)	4.426,31	8.253,82		-3.827,51
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EJERCICIO	6.314.297,56	5.571.106,04		743.191,52
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			707.893,22	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			214.450,95	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			314.045,62	
TOTAL AXUSTES			608.298,55	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				1.351.490,07

B) ESTADO REMANENTE DE TESOURERIA.

- Fondos líquidos na tesourería	5.640.235,05 euros.
- Dereitos pendentes de cobro.....	14.756,76 euros.
- Obrigas pendentes de pago	476.809,45 euros.
- Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva.....	-19.176,86 euros
- <u>Remanente Tesourería total.....</u>	<u>5.159.005,50 euros.</u>
- Saldos de dubidoso cobro.....	0,00 euros
- Exceso de financiación afectada.....	60.155,08 euros.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais.....	5.098.850,42 euros.

C) DEREITOS E OBRIGAS PENDENTES EJERCICIO 2016.

- Dereitos pendentes de cobro orzamento corrente.....	0,00 euros.
- Obrigas pendentes de pago orzamento corrente.....	266.435,60 euros.

D) REMANENTES DE CRÉDITO.

- Comprometidos.....	822.244,17 euros.
- Non comprometidos.....	1.194.020,80 euros.

4) Memoria: Completa, amplía e comenta la información contida no Balance, na Conta do resultado económico-patrimonial e no Estado de liquidación do Orzamento.

Segundo: Que se proceda a render ó Consello de Contas da Xunta de Galicia a referida Conta Xeral, de acordo co previsto no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O Pleno da Corporación decidirá o que crea mais conveniente.

Bergondo, 21 de xullo de 2017

A Alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: xa na Comisión Especial de Contas comentamos os extremos, e aínda así imos facer un breve resumo.

Como xa se especifica na proposta, non se require da conformidade coas actuacións reflectidas nela, iso quere dicir que como vimos dicindo tamén todos os anos, a Conta Xeral ao final o que fai é a foto realmente do traballo realizado, e hai que distinguir moi ben entre o Orzamento, que é un documento político, e isto que é un documento contable onde o que se recolle basicamente é o traballo feito durante todo o exercicio, e que é básico poder aprobalo por parte do Pleno para poder rendelo ao Tribunal de Contas.

Especificase a boa situación financeira do concello cun resultado orzamentario axustado, iso lévanos a que agora nos vexamos en condicións para poder facer suplementos, sempre coas condicións que nos marca a normativa estatal, obviamente, e que nos ten bastante suxeitos, pero polo menos agora nos da un respiro.

Tamén damos conta expresamente dos reparos que houbo no exercicio anterior, e que agás erro ou omisión pola miña parte son corenta e cinco, os mais salientables polo número son os relativos á contratación de actividades de cultura e deportes, sobre todo para o verán, dado que rematara o contrato no seu momento, e para empezar xa cun exercicio novo, cun curso novo, empezouse posteriormente, é dicir que esta é unha situación que xa está ao día de hoxe solucionada, e estamos falando xa de catorce reparos; doce reparos son os que formas as facturas do contrato de iluminación, situación que é certo que se ven acumulando nos últimos exercicios, e na que eu xa expliquei tamén pormenorizadamente na Comisión de Contas, os intentos que levabamos facendo para intentar conseguir ter un Prego axustado ao concello e ás condicións do noso concello e que puideramos licitar por fin o servizo de mantemento de alumeadado público, estamos a piques; como informei no seu momento solicitáronos da FAEPAC unha última documentación e contamos con que á volta de vacacións poidamos xa licitar esta cuestión, e que quede xa solucionado.

Outra serie de reparos refírense a cuestións de persoal, ao transporte escolar debido ás obras na escola de Lubre, a facturas nalgún cemiterio por non poder distinguir a auga do cemiterio público municipal do cemiterio parroquial, a unha obra que aínda viña tamén con reparo, que era o saneamento en San Paio. Tamén algún contrato menor sen ter solicitado no seu día tres orzamentos; e igualmente actuacións que fixemos conducentes a obter subvencións do INEGA.

Tamén a maiores, gastos de temas de emprego relacionados co Plan de Emprego da Deputación, a parte que non se financiaba, e tamén unha obra dun muro en Armuño.

Todos estes reparos xa foron enviados no seu día ao Tribunal de Contas cos decretos de levantamento; aínda así a normativa o que di é que se dea conta agora, así o facemos igual que damos conta da Conta Xeral, e solicitamos se non é voto favorable si polo menos a abstención, xa que o que queremos, como sempre, é que o Tribunal de Contas sexa quen fiscalice as contas do Concello de Bergondo.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu creo que vostede o dixo ao principio da súa intervención, xa se falou bastante largo e tendido na Comisión informativa; fala vostede dos corenta e cinco reparos de intervención que eu tamén lle mencionaba na Comisión, co agravante de que a maioría son repetitivos no tempo.

Sorpréndeme que se siga traballando e actuando da mesma maneira, e con isto fago referencia aos contratos que vostede tamén acaba de mencionar da empresa eléctrica, que a min paréceme que están saíndonos caros e que eu lle

comentaba que se en vez de chamar a unha soa empresa traballásemos con dúas ou tres, pois probablemente o prezo variaría significativamente.

É certo que da Conta non teño ningunha dúbida, é unha labor plena de Intervención e como tal Conta está cadrada, pero como creo que seguimos na mesma liña de actuación que anos anteriores, a miña resposta, que sei que lle vai satisfacer, vai ser tamén na mesma liña, o meu voto é abstención.

Sr. voceiro do PP: pois nós imos votar en contra da aprobación da Conta Xeral, xa que unha vez vista a documentación que nos remitiu o concello, puidemos constatar un gran número de reparos suspensivos, sobre todo en contratos menores, que non se cinguen na súa totalidade á normativa vixente, e non é que o digamos nós, estánolo a dicir os funcionarios que se encargan da fiscalización das contas neste concello.

Non é que esteamos en contra das contas, que o único que fan é debuxar a situación patrimonial e financeira desta entidade, senón que estamos en contra da xestión levada a cabo por este goberno. Estas contas o que reflicten, á vista do gran número de reparos, é a incapacidade de xestión e planificación para prever as actuacións que se desenvolven no concello, sobre todo no relativo aos reparos sobre as contratacións.

Nós somos oposición, e como tal temos que facer unha labor de control e fiscalizadora, co cal, como xa dixen antes o noso voto vai ser en contra.

Sra. alcaldesa: estou de acordo con vostede na última parte, vostedes o que teñen que facer é precisamente ese control de fiscalización; non estou de acordo na incapacidade de xestións, xa que moitas veces son cuestións sobrevidas e obviamente o que temos é que manter igualmente os servizos aos veciños.

Pero se vostedes votan en contra, cal pensan que sería realmente a Conta ben feita?, cando un vota en contra é que ten outra proposta para plantexar, cal sería a proposta do Partido Popular para a aprobación da Conta? e aí é onde indico, onde quero outra vez incluso repetirle o que di na propia proposta *“La aprobación de la Cuenta General es un acto esencial para la fiscalización de ésta por los órganos de control externo, que no requiere la conformidad con las actuaciones reflejadas en ella ni genera responsabilidad por razón de las mismas”* precisamente por iso, porque vostedes aínda que votasen a favor da Conta non quere dicir que estean votando a favor da xestión do goberno, nin moito menos, nin sequera coa súa abstención, iso en todo caso sería unha cuestión que vostedes terían que explicar tal como fixo vostede agora. Eu o que quero é que entendan realmente que o voto en contra da Conta o que significa en último caso, é non poder remitila ao Tribunal de Contas, que a tramite quen ten que fiscalizar.

Votar a favor da Conta Xeral non significa nunca estar a favor da execución, nin moito menos, é simplemente..., e neste caso o explicaba bastante ben a concelleira non adscrita, é que a Intervención fixo o seu traballo, falta algún documento aquí?, vostedes poderían votar en contra se aquí faltase algún documento dos legalmente establecidos e do que realmente se ten que preparar, falta algún documento? entendo que non porque vostedes non fixeron referencia a iso e me consta que non.

Entón soamente para que tamén se entenda que o voto a favor ou a abstención non significa esta a favor da xestión política nin tampouco da xestión económica no concello, a Conta non vai facer iso, a Conta o que vai é contabilizar; este é o resumo, e o que fixo a Intervención foi contabilizar as facturas que politicamente xeramos nós, e obviamente ou está ben ou esta mal, senón si que se estaría dubidando diso.

Polo tanto, esa función fiscalizadora pódese facer de igual xeito aínda non votando en contra.

Sr. voceiro: pero nós non puxemos en dúbida a función dos funcionarios en ningún momento...

Sra. alcaldesa: xa o sei..., pero vostede está votando en contra, está votando en contra de que incluso outro órgano superior poida fiscalizar a Conta de Bergondo.

Sr. voceiro: e que nos parece que hai un gran número de reparos e dicimos que se poderían haber solucionado doutra maneira.

Sra. alcaldesa: por suposto, e niso tamén lle vou dar eu a razón, o número de reparos xa é moi inferior ao ano anterior, e aínda así segue sendo excesivo, a min non me fai ningunha graza ter que facer decretos de levantamento de reparo, asegúrollo, e aínda así intentamos solventalo.

Pero, insisto, vostedes poden estar plenamente en desacordo coa política, coa xestión económica, e non en cambio votar en contra da Conta Xeral, que ao final do que se trata é de remitila.

Sr. voceiro: entendemos o sentido do voto da Conta Xeral.

Sra. alcaldesa: vale

Sr. voceiro de VB: creo que xa sabe cal vai ser a miña postura; sen embargo, xa que vostede di que isto é a foto do traballo ben feito, quero recordarlle que estamos no mes de xullo, ata o de agora as Contas se presentaban no mes de marzo....., mire, para os que nos están vendo, esa cara que pon para sacarnos crédito....., Antón Sánchez García manifesta... *quero dar a miña opinión acerca destas contas; podo unicamente felicitar o traballo técnico e que se presentou a documentación en prazo...* marzo de 2008, estamos en xullo....., ben...., vostede di que é a foto do traballo ben feito, do traballo ben feito da secretaria e da interventora, que por certo non temos ningunha dúbida.

Pero fíxese, temos por un lado catro millóns de euros de remanente tal e como está o concello; por outro lado, parroquias sen alcantarillado, por outro lado praias pechadas, RPTs sen executar, auditoría a Viaqua sen executar, PXOM retrasado, non vemos nestas contas, por moito que diga, ningunha cousa moi ben feita, porque ten catorce reparos a unha empresa que se lle prorrogou o contrato, acabóuselle o contrato e seguiu sobre el, porque? por falta de previsión, esta é a foto do traballo que ten; ten doce facturas a unha empresa que ano tras ano se lle segue contratando sen nin sequera contrato, soamente se lle pagan as facturas, e como ben di a concelleira non adscrita pódese facer de moitas maneiras, vostede quere que lle diga de que maneiras? licitándoo, senón contratando a mais dunha empresa, ten moita razón a concelleira non adscrita.

Por outro lado ten reparos graves de persoal, ano tras ano, e dime que nós temos que entender que isto....., temos que sacar a foto, a foto do concello, e a foto do concello é esta, ano tras ano temos uns reparos moi graves, vostede di que efectivamente non lle gusta ter que levantar reparos suspensivos, pois non o demostra, porque leva tres anos seguidos coa mesma empresa con reparos suspensivos, leva os contratos cada vez que van a caducar, en vez de licitarse antes de que finalicen os contratos se prorrogan e despois cóllosen o toro....., non? entón explique os catorce reparos que ten esa empresa de actividades culturais, ten catorce reparos, se puideron evitar? si... como? licitando en tempo e forma, non esperando a que nos caduque, como nos pasa sempre; a gardería houbo que prorrogala, houbo que prorrogala porque vostede decidiu prorrogala, entón non me diga vostede que aquí se fan as cousas ben. A foto que temos do concello é que se vostede tanto interese ten en que votemos a favor, faga as cousas ben.

Hai reparos gravísimos de persoal, de hai moitos anos, parece que non é certo tampouco o que lle digo. Entón, que quere que lle diga deste resumo de contas, nós temos que facer labor de oposición, a nosa proposta será mellor ou peor, pero ten vostede unha empresa que ano tras ano ten reparos, tres anos seguidos, non é un, nin dous, tres anos, non adoptou ningunha medida, ten unha empresa con catorce reparos porque non se fixeron ben as cousas.

Ten vostede reparos de persoal moi graves, entón agora, como todo isto é megafantástico e bonito voulle votar a favor? non mire, teño que facer a miña labor de oposición, polo tanto non lle podo votar a favor.

Sra. alcaldesa: entón vostede o que pretende é que non se fiscalice por parte do órgano que ten que fiscalizar isto.

Sr. voceiro: efectivamente...

Sra. alcaldesa: efectivamente, vostede non quere.... señor concelleiro xa rematou...

Sr. voceiro: desculpe....

Sra. alcaldesa: e como sempre con graves mentiras, con graves mentiras

Sr. voceiro: quero que mas enumere....

Sra. alcaldesa: señor concelleiro cale xa, porque xa rematou o seu turno, xa está. Aquí se prorroga porque *lo quiere la alcaldesa el tema de la guardería*, iso veu a Pleno, unha vez mais, xa llo dixen no seu día, parece que non o entenderon....., seguen sen entendela, a pesar dos anos que levan vostedes aquí seguen sen entender realmente como funcionan as contas no concello e o que significa a Conta Xeral, e lle vou dicir o lle dixen ao voceiro do Partido Popular, se vostede vota en contra porque é? que é o que está mal nesta documentación? que é o que está mal na documentación para que se poida remitir? falta algún documento? vostedes o farían doutra maneira? non; vostedes non farían a Conta doutra maneira, vostedes probablemente farían a execución doutra maneira se puideran, e bastante peor por certo, vostedes farían os orzamentos doutra maneira, probablemente, e de feito así é, porque o Orzamento é un documento político, a Conta Xeral non, a Conta Xeral o que fai é reflectir realmente o resultado do ano anterior, e seguen vostedes intentando confundir á xente, e o confunden.

Eu fun a primeira que falou dos reparos, mentira que se leven tres anos sen facer actuacións, levamos facendo durante tres anos actuacións para conseguir realmente ter esa situación....., si señora concelleira, llo dixen a vostede na Comisión de Contas e a pesar diso..., fíxenlle todo un relatorio de como fixeramos, de como fixeramos unha contratación externa, que como primeiro contaramos coa Deputación, os Pregos que non nos enviaron e que agora estamos xa chegando ao fin coa FAEPAC; llo expliquei a vostede e aínda así di que non, que non fixemos nada..., pois si, si que actuamos.

Polo tanto, efectivamente temos reparos que non quixeramos ter, e vostede incide niso, incide tamén nunha situación de que non se fixeron obras e que non se fixeron mais cousas e temos un remanente e temos deficiencias, por suposto, xa veremos despois cando se trate de traer as propostas a Pleno e demais, se vostedes están de acordo con iso.

E os reparos de persoal, xa nos gustaría a nós xa non ter reparos; fale con Montoro, ao día de hoxe Bergondo e todos os concellos temos eses contratos reparados, todos, porque estamos coas mans atadas en cuestión de persoal, pero somos todos, é que ese é o tema, a nós pódenos botar a culpa do que teñamos, e politicamente temos a culpa ao mellor dalgunha xestión que puidera ser mellor, e senón polo menos diferente, e por iso estamos en partidos políticos distintos, pero non dende logo de accións que veñen provocadas por situacións que se dan noutras administracións e que nos están..., por un lado, conxelando os temas de persoal, conxelando que non poidamos facer uso dos remanentes ata agora, nós levamos cunha situación financeira bastante boa sen poder facer uso durante anos, e non precisamente pola nosa culpa.

Polo tanto non señor concelleiro, e por certo, a ver cantos concellos de aquí arredor fixeron a Comisión Especial de Contas en tempo e prazo antes do un de xuño, como se ven facendo sempre, en maio, sobre o vinte e tantos de maio, a Conta Xeral no pleno de xullo, en xullo non é nada habitual, porque? porque sabe cando hai que rendela? antes de outubro, e ven vostede dicíndome que estamos incumprindo os prazos....

Sr. voceiro: si...

Sra. alcaldesa: que incumprimos os prazos, e que se no ano 2008 en marzo..., non é habitual en marzo, unha cousa e a liquidación da Conta, e outra é ter a Conta completa; polo tanto, non intente tampouco enganar á xente, se vostede quere votar en contra pois xa está, vote vostede en contra, vote vostede en contra de que alguén superior a nós poida fiscalizar as Contas. Ten a palabra...

Sr. voceiro: perdoe...

Sra. alcaldesa: non lle fixen ningunha alusión, simplemente contestei as súas preguntas.

Sr. voceiro: como que non, chamoume gran mentira

Sra. alcaldesa: contestei ás súas preguntas, ten a palabra o voceiro de Anova...

Sr. voceiro: que conste acta que a señora alcaldesa non me dá o turno de palabra....

Sra. alcaldesa: non lle fixen alusións.

Sr. voceiro: fixo alusións dicindo que teño grandes mentiras, polo tanto esíxolle....

Sra. alcaldesa: lle contestei, vostede non é quen para esixirme nada, ten a palabra o voceiro de Anova.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: o noso voto vai ser favorable, precisamente a que se envíen as contas ao Tribunal de Contas para que sexan fiscalizadas, e para que tal cuestión teña lugar pois loxicamente teñen que ir aprobadas.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor; cinco (5) en contra e unha (1) abstención.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. DESINACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN QUE INTEGRARÁN O CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de xullo de 2017, que transcrita literalmente di:

"Visto o disposto no artigo 20 do Regulamento orgánico de participación veciñal do Concello de Bergondo, publicado no BOP núm. 87 de data 09.05.2016, no que se establece que : "Os membros da Corporación que formen parte do Consello de Relacións Veciñais serán designados polo Pleno do Concello a proposta de cada grupo municipal."

Presentadas polo grupos municipais as correspondentes propostas, propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Desinar, ao abeiro do disposto no artigo 20 do Regulamento orgánico de participación veciñal do Concello de Bergondo, aos membros da Corporación que formarán parte do Consello de Relacións Veciñais, logo das propostas dos correspondentes grupos municipais:

Grupo municipal do PSdG-PSOE:

Patricia Vázquez Figueroa (titular); José Ramón Lorenzo Carou (suplente)

Grupo municipal de Veciños de Bergondo:

Alicia M.^a Souto Ramos (titular); M.^a del Loreto Caseiras Arroyo e Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes)

Grupo municipal do PP:

José Ángel Vieiro Amor (titular); Yago Lage Caramelo (suplente)

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova: Juan Antonio Fariña Pedreira (titular); Eloy Babío Veiga (suplente).

Concelleira non adscrita: Antonia M.^a Sanjurjo Seijas

Bergondo, 14 de xullo de 2017

A alcaldesa-Presidenta. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: son as propostas feitas polos propios grupos municipais.

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total trece (13) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN 1ª DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de xullo de 2017, que transcrita literalmente di:

"O artigo 69.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que as Corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos os cidadáns na vida local.

No seu punto 2 engade que as formas, medios e procedementos de participación que as Corporacións locais establezan no exercicio da súa potestade de autoorganización non poderán en ningún caso menoscar as facultades de decisións que corresponden aos órganos representativos regulados pola Lei.

Así, o artigo 70.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, establece que os concellos "... deberán establecer e regular en normas de carácter orgánico procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local, tanto no ámbito do municipio no seu conxunto como no dos distritos, no suposto de que existan no municipio as devanditas divisións territoriais", regulando no punto 2 o exercicio da iniciativa particular.

Ao abeiro da citada competencia, o Concello de Bergondo, aprobou definitivamente na sesión plenaria ordinaria do 28 de abril de 2016, o Regulamento Orgánico de Participación Veciñal do Concello de Bergondo, publicándose no BOP núm. 87 do 09.05.2016.

Ao abeiro da súa regulación, púxose en marcha o Consello de Relacións Veciñais regulado no seu Título Terceiro, cunha xuntanza constitutiva o 22 de maio de 2017; na devandita xuntanza decidiuse redactar un regulamento de funcionamento e réxime interno do citado Consello, que na súa redacción, e para ser máis operativo, conlevaría a modificación dun artigo do Regulamento Orgánico de Participación Veciñal do Concello de Bergondo, en canto á maioría esixida para válida celebración das súas sesións; así como a corrección noutro artigo do nome do órgano veciñal.

Propónse á Comisión Informativa ditamine favorablemente a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a modificación 1ª do Regulamento Orgánico de Participación Veciñal do Concello de Bergondo, que se transcribe como anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

MODIFICACIÓN 1ª DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL DO CONCELLO DE BERGONDO

A modificación é dos artigos 21.4 e 23 do actual Regulamento Orgánico de Participación Veciñal do Concello de Bergondo, que quedaría redactados do seguinte xeito:

"Artigo 21

...\\"

4. Para a válida constitución do Consello, requirirase a asistencia dun tercio dos seus membros

...\\"

"Artigo 23

O funcionamento do Consello de Relacións Veciñais axustarase ao previsto para os órganos colexiados no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e, subsidiariamente, nas Leis do procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público. O voto dos membros do Consello será persoal e non delegable, recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

Ás sesións poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, técnicos ou persoeiros que a presidencia ou a maioría do Consello consideren necesaria, que participarán con voz pero sen voto."

Bergondo, 14 de xullo de 2017

A alcaldesa-presidenta. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como se indica xa na proposta, nesa xuntanza constitutiva do 22 de maio, aparte de facer a proposta do Regulamento orgánico do propio Consello de Relacións Veciñais, pois tamén deu lugar á modificación do propio Regulamento orgánico de Participación Veciñal; no artigo 21, onde para a válida constitución do Consello se requirirá a asistencia dun terzo dos seus membros, e despois está o artigo 23 onde había un erro e se falaba dos membros do Pleno en vez de membros do Consello, polo tanto esas son cuestións xa faladas na propia xuntanza.

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total trece (13) votos a favor**, que representan a **maioría absoluta do número legal de membros da Corporación**, consonte esixe o artigo 47.2.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

7. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE FUNCIONAMENTO E RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de xullo de 2017, que transcrita literalmente di:

"O artigo 69.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que as Corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos os cidadáns na vida local.

No seu punto 2 engade que as formas, medios e procedementos de participación que as Corporacións locais establezan no exercicio da súa potestade de autoorganización non poderán en ningún caso menoscabar as facultades de decisións que corresponden aos órganos representativos regulados pola Lei.

Así, o artigo 70.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, establece que os concellos "... deberán establecer e regular en normas de carácter orgánico procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local, tanto no ámbito do municipio no seu conxunto como no dos distritos, no suposto de que existan no municipio as devanditas divisións territoriais", regulando no punto 2 o exercicio da iniciativa particular.

Ao abeiro da citada competencia, o Concello de Bergondo, aprobou definitivamente na sesión plenaria ordinaria do 28 de abril de 2016, o Regulamento Orgánico de Participación Veciñal do Concello de Bergondo, publicándose no BOP núm. 87 do 09.05.2016.

Ao abeiro da súa regulación, púxose en marcha o Consello de Relacións Veciñais regulado no seu Título Terceiro, cunha xuntanza constitutiva o 22 de maio de 2017; na devandita xuntanza decidiuse redactar un regulamento de funcionamento e réxime interno do citado Consello, coas achegas suxeridas polas entidades e asociacións veciñais na citada xuntanza.

Propónse á Comisión Informativa ditamine favorablemente a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime interno do Consello de Relacións Veciñais do Concello de Bergondo, que se transcribe como anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

REGULAMENTO ORGÁNICO DE FUNCIONAMENTO E RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO DE BERGONDO

O Concello de Bergondo, consciente da importancia que a participación veciñal ten á hora de garantir a transparencia, a eficacia e o desenvolvemento dunha verdadeira democracia participativa, aproba o presente Regulamento orgánico coa finalidade de desenvolver e complementar o título terceiro do Regulamento orgánico de participación veciñal (en adiante ROPV) do Concello de Bergondo, publicado no BOP núm. 87 de data 09.05.2016.

Os artigos relacionados co Consello de relacións veciñais que figuran no Regulamento Orgánico de Participación Veciñal, quedan incluídos no presente Regulamento, facendo mención explícita, co obxecto de presentar nun único corpo a normativa completa.

Artigo 1.- Segundo se establece no artigo 19 do ROPV, coa fin de desenvolver os obxectivos de participación, constituirase o Consello de Relacións Veciñais, que estará integrado polos seguintes membros: Presidente/a: o/a alcalde/sa ou quen legalmente o substitúa e vicepresidente/a: o/a concelleiro/a- delegado/a desa área de goberno.

O concello invitará a todos os colectivos e asociacións inscritos no Rexistro de Asociacións do Concello a participar no Consello de Relacións Veciñais e, en consecuencia, serán Vogais do mesmo:

Un/ha representante de cada un dos grupos municipais integrantes da Corporación.

Un/ha representante de cada unha das asociacións e colectivos cidadáns incluídos no Rexistro municipal que o soliciten.

Un/ha representante de cada unha das asociacións empresariais ou profesionais constituídas no Concello de Bergondo que o soliciten.

Un/ha representante de cada un dos sindicatos que teña constituída agrupación local no Concello de Bergondo que o soliciten.

O/a secretario/a será o do Concello, ou o funcionario municipal no que se delegue.

Artigo 2.- Segundo se establece no artigo 20 do ROPV; os membros da Corporación que formen parte do Consello de Relacións Veciñais serán designados polo Pleno do Concello a proposta de cada grupo municipal.

Artigo 3.- Segundo se establece no artigo 22 do ROPV, son funcións do Consello de Relacións Veciñais:

Proporlle ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións.

Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.

Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais.

Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para ser discutidas nas comisións informativas municipais correspondentes.

Artigo 4.- É dereito dos membros do Consello de relacións veciñais ser informados previamente polo Goberno ou pola Administración Local acerca de temas municipais, orzamentos, planos urbanísticos, ordenanzas fiscais, planos sectoriais, programas culturais, deportivos, sociais ou de saúde, ou outros que polo seu sentido foren considerados convenientes polo Consello de relacións veciñais, ou, polo menos, polo 50% dos seus membros.

Artigo 5.- Son funcións do Presidente:

Convocar as reunións ordinarias e extraordinarias do Consello de Relacións Veciñais.

Establecer a orde do día das reunións, previa consulta cos representantes das entidades do concello.

Presidir e coordinar as reunións do Consello de Relacións Veciñais.

Velar polo cumprimento dos acordos adoptados no Consello de Relacións Veciñais.

Artigo 6.- Son funcións do/a Vicepresidente/a, en substitución do/a Presidente/a, as funcións a este encomendadas.

Artigo 7.- Son funcións dos/das vogais:

Asistir e participar nas reunións do Consello de Relacións Veciñais e nas Comisións creadas no seu caso, para a realización das tarefas propias do seu cargo.

O cumprimento das atribucións e funcións de representación encomendadas polo Consello de relacións veciñais ou polo/a Presidente/a.

A información dos compoñentes do Consello de relacións veciñais das xestións e traballos realizados.

Artigo 8.- Son funcións do/a secretario/a:

Elaborar, a requirimento do Presidente, ou no seu defecto do Vicepresidente, a convocatoria do Consello de Relacións Veciñais e das comisións creadas no seu seo, así como mecanografiar e enviar a orde do día das convocatorias, actas, acordos e calquera outro documento que se solicite por estes cargos ou polo Consello de Relacións Veciñais.

Manter a correspondencia e o arquivo do Consello de Relacións Veciñais, así como tramitar as certificacións dos acordos adoptados.

Atender, en primeira instancia, as demandas de veciños e veciñas ou entidades veciñais que soliciten información relativa ao Consello de Relacións Veciñais e os seus acordos.

Realizar as tarefas administrativas relativas á tramitación dos acordos emitidos polo Consello de Relacións Veciñais.

Artigo 9.- Da orde do día

A celebración da realización do Consello comunicase con 15 días de antelación por si as entidades queren facer proposicións á mesma.

A Orde do día será fixada polo presidente, de conformidade coas proposicións que foran presentadas polos membros ata cinco días hábiles antes de realizar a convocatoria.

A Orde do día das reunións comunicase por escrito aos asistentes, como mínimo, con dous días de antelación, por enderezo electrónico.

Artigo 10.- Segundo se establece no artigo 21 do R.O.P.V:

O Consello de Relacións Veciñais reunirse, ordinariamente, unha vez por semestre e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicite un tercio calquera dos seus membros.

Os acordos adoptaranse por maioría simple.

De cada reunión que se celebre redactarase unha acta na que consten os nomes dos membros asistentes, os asuntos examinados e os ditames emitidos.

En convocatoria única requirirase a asistencia dun tercio dos seus membros.

Artigo 11.- Das reunións

Unha vez iniciada a reunión, será o Presidente o que dirixa as sesións, establecendo a orde e tempos de intervención e orde das votacións e dirimindo os empates co seu voto de calidade.

O tempo máximo de cada intervención será de dous (2) minutos; solo podendo facer uso da palabra o/a que teña autorización do/a Presidente/a.

Todos os membros que formen parte do consello de relacións veciñais teñen dereito a voto, a excepción do/a secretario/a. Cada entidade terá dereito a un voto, independentemente do número de asociados.

Se unha vez iniciada a sesión, se ausentara un número de membros que impedise a continuación da reunión por non existir o quórum esixido para a súa celebración, o Presidente dará por finalizada, quedando reflectida tal circunstancia na acta.

O Consello de Relacións Veciñais poderá formar no seu seo as comisións de estudo que considere convintes, respectando na súa composición a representación proporcional do propio Consello.

Os acordos adoptados polo Consello de Relacións Veciñais serán feitos públicos nos taboleiros de anuncios do Concello e na páxina web bergondo.gal; e remitidos ás asociacións para a súa exposición pública.

Na orde do día recollerase sempre un turno de rogos e preguntas.

Artigo 12.- Segundo se establece no artigo 23 do ROPV, o funcionamento do Consello de Relacións Veciñais, en todo o non previsto neste regulamento, axustarase ao previsto para os órganos colexiados no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e, subsidiariamente, nas Leis do procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público. O voto dos membros do consello será persoal e non delegable, recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

As sesións poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, técnicos ou persoeros que a presidencia ou a maioría do consello consideren necesaria, que participarán con voz pero sen voto.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor logo da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, transcorrido o prazo indicado no artigo 65.2, en relación co 70, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Bergondo, 14 de xullo de 2017

A alcaldesa-presidenta. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: pois unha vez mais, tamén na mesma xuntanza a partir dun documento inicial e despois das suxerencias que alí se fixeron, se fai esta proposta de Regulamento, xa digo, coas suxerencias que se manifestaron e coas que quedamos de acordo na propia xuntanza os que estabamos alí presentes.

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total trece (13) votos a favor**, que representan a **maioría absoluta do número legal de membros da Corporación**, consonte esixe o artigo 47.2.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

8. APROBACIÓN DO PROXECTO NOMEADO REPARACIÓN E ASFALTADO A BASE DE AGLOMERADOS ASFÁLTICOS DOS CAMIÑOS: INTERSECCIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL DP0801 (P.K. 1880, MARXE DEREITA) CO CAMIÑO A PISÓN, PARROQUIA DE VIXOI E INTERSECCION DA ESTRADA PROVINCIAL DP0813 (P.K. 2,600, MARXE ESQUERDA) CO CAMIÑO A OUTEIRO-OUCES, PARROQUIA DE OUCES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de xullo de 2017, que transcrita literalmente di:

"Visto o proxecto de obra Reparación e asfaltado a base de aglomerado asfáltico dos camiños: Intersección da estrada provincial DP-0801 (P.K. 1880, marxe dereita) co camiño a Pisón, parroquia de Vixoi e intersección da estrada provincial DP0813 (P.K. 2,600, marxe esquerda) co camiño a Outeiro-Ouces, parroquia de Ouces, obra incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, financiado pola Axencia Galega do Desenvolvemento Rural (AGADER), redactado polo o enxeñeiro Técnico Agrícola D. Pedro Zapata Roel en xuño de 201, cun presuposto de execución por contrata de 44.403,48 euros.

Visto o informe ao devandito proxecto emitido polo arquitecto técnico municipal en xuño de 2017, sinalando a necesidade da autorización previa en materia de estradas da Deputación Provincial da Coruña.

Considerando que o investimento debe ser obxecto de contratación e execución dentro dos prazos sinalados na Resolución do 31 de maio de 2017 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, de concesión de axuda ó proxecto Reparación e asfaltado a base de aglomerado asfáltico dos camiños: Intersección da estrada provincial DP-0801 (P.K. 1880, marxe dereita) co camiño a Pisón, parroquia de Vixoi e intersección da estrada provincial DP0813 (P.K. 2,600, marxe esquerda) co camiño a Outeiro-Ouces, parroquia de Ouces.

Aínda que polo importe a competencia para contratar correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por delegación desta alcaldía por Resolución núm. 1251/2016, do 13 de decembro de 2016, de conformidade co artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que é competencia do Pleno da Corporación a "aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aún non estean previstos nos presupostos", proponse ao pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Aprobar o proxecto de obra Reparación e asfaltado a base de aglomerado asfáltico dos camiños: Intersección da estrada provincial DP-0801 (P.K. 1880, marxe dereita) co camiño a Pisón, parroquia de Vixoi e intersección da estrada provincial DP0813 (P.K. 2,600, marxe esquerda) co camiño a Outeiro-Ouces, parroquia de Ouces, obra incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, financiado pola Axencia Galega do Desenvolvemento Rural (AGADER), redactado polo o enxeñeiro Técnico Agrícola D. Pedro Zapata Roel en xuño de 2017, cun presuposto de execución por contrata de 44.403,48 euros.

Bergondo, na data que figura na marxe. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: comentaba o outro día que se ben a resolución de AGADER do ano pasado era bastante restritiva no sentido de que condicionaba moitísimo os camiños que se podían contemplar, este ano non era así, e realmente actuacións subvencionables eran incluso tamén para seguranza viaria, incremento de lonxitude, que supuxera rematar nunha estrada ou noutro camiño, melloras, mantementos, e demais.

A cantidade que se lle concede mediante a resolución publicada o 31 de maio de 2017 ao Concello de Bergondo foi de trinta e seis mil setecentos nove, porque neste caso non se subvenciona o Ive, polo tanto aplicándolle o Ive pois ven dando aproximadamente o proxecto que se presentou para a subvención de Agader, que eran os corenta e catro mil catrocentos tres.

Aínda así como sempre para esta subvención resulta dificultoso a elección dos camiños, xa que aínda que é certo que non había os condicionantes do exercicio pasado, o condicionante ven imposto sobre todo xa pola propia cantidade; é dicir, porque tampouco podemos facer un proxecto de mais importe asumindo o propio concello, co cal ao final vémonos tamén moi limitados en canto aos camiños que realmente poidan cumprir, sobre todo no tema do ancho e longo, é dicir nos metros que se vaian asfaltar.

Tamén se fixo como nestes últimos anos en aglomerado, xa que son camiños financiados tamén con fondos europeos, e que van ter ademais as oportunas auditorías e revisións, e polo tanto para que dentro de cinco anos se poida dicir que se mantén igualmente por iso se propón que sexan camiños que se fagan xa con ese aglomerado.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a queda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: supoño que estes dous camiños elixíronse con criterio e rigor e axustándose ao prezo, como vostede dicía, entón voto favorable.

Sra. alcaldesa: si, engadir que o criterio é basicamente técnico, é dicir, nós damos politicamente propostas, pero ao final é unha cuestión técnica de que cumpra exactamente con todas as condicións da propia Orde de AGADER.

Sr. voceiro do PP: nós imos votar tamén a favor da reparación de estes camiños xa que é unha mellora para os veciños, e queríamos agradecer a Xunta de Galicia que siga apostando polo desenvolvemento do rural a través do financiamento destas obras.

Sr. voceiro de VB: imos votar a favor, pero sequera e bo ter algunha previsión para outros camiños que tamén poidan entrar en futuros proxectos e para que o próximo ano poidamos elixir entre mais camiños e non dous a correr.

Sra. alcaldesa: eu lle expliquei hai un rato, a propia resolución variaba completamente este ano, as actuacións subvencionables variaban completamente coas do ano pasado, de feito se fosen as mesmas condicións probablemente non poderíamos acudir, xa que tiñan que pasar estritamente por explotación agrícolas ou gandeiras que ademais estiveran dadas de alta, que era o que o ano pasado condicionaba esta Orde, este ano non é así, nós non podemos tampouco saber como vai ser a Orde do ano seguinte; obviamente unha previsión de asfaltados para un o outros Planes a hai que ter sempre e iso vai obviamente en función do estado dos camiños, pero si que é certo que mentres moitas veces non sae resolución ou o borrador, si algunhas veces se adianta o borrador para saber o propio texto da Orde.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: como explicaba a alcaldesa, comentaba varios aspectos que había que ter en conta este ano, e certo que había diferenzas fundamentais respecto ao ano pasado. O ano pasado eran extremadamente restritivas, o receptivo, as posibilidades existentes; este ano a pesar de que o abanico era mais amplo, é certo que o tema do importe da reparación restrinxía bastante, tiñas que ter en conta lonxitudes e metros cadrados para axustar ben o importe da reparación, despois o tema importante, o tema das afeccións, para poder ter os permisos rápidos; por exemplo hai camiños que se descartaron, esta non era a lista inicial, excepto o de Písón que aguantou o tipo desde o principio ata o final, pero algún camiño que estaba no ámbito de influencia dun castro, por exemplo, non se meteu porque sabíamos positivamente que os permisos íanse demorar ata o punto de que non fóramos capaces de ter a obra executada nos prazos que nos marca a Xunta.

E despois loxicamente outra cuestión importante é que había que ter camiños que estiveran deteriorados, polo feito de que cumpriran outras condicións non íamos asfaltar aínda que fora en aglomerado, camiños que ao día de hoxe tampouco teñen un grado de deterioro apreciable.

Xa digo, eran varias as posibilidades, ao final estes dous eu creo que son bos "candidatos".

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total trece (13) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

9. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO/2017 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2_SC. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de xullo de 2017, que transcrita literalmente di:

"Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2017, mediante a forma de **suplemento de crédito e crédito extraordinario**, por importe total de 948.174,62 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ós Capítulos II e VI correspondente a gastos en bens correntes de de servizos e gastos de inversión e tendo en conta o establecido na documentación obrante no expediente, e previo Informe da Intervención Municipal de data 14 de xullo de 2017, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por aplicacións orzamentarias xunto coa súa financiación.

En consecuencia, propónse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, por importe total de 948.174,62 euros, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación e polo importe reflectido:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Capítulo II: Gastos en bens correntes e de servizos

Aplicación orzamentaria	Concepto orzamentario.	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Incremento	Consignación Definitiva tras esta modificación
450/227.99	Administración xeral de infraestruturas. Traballos realizados por outras empresas	47.000,00	36.242,00	18.000,00	101.242,00
	CAPÍTULO II: TOTALIDADE DE CRÉDITO	47.000,00	36.424,00	18.000,00	101.242,00

Capítulo VI: Inversións reais:

Aplicación orzamentaria	Concepto orzamentario.	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Incremento	Consignación Definitiva tras esta modificación
160/609.00	Inversións novas rede alcantarillado	92.277,18	62.241,69	403.175,78	557.694,65
165/619.00	Alumeado público. Inversión de reposición	158.250,00	19.574,14	159.037,57	336.861,71

454/619.00	Inversión de reposición mellora viaria	315.000,00	509.280,96	87.707,12	911.988,08
1531/619.00	Inversión de reposición. Renovación de beirarrúas	60.000,00	0,00	70.000,00	130.000,00
342/632.00	Inversión reposición. Instalacións deportivas	231.000,00	0,00	170.015,62	401.015,62
171/625.00	Inversión. Mobiliario parques e xardíns	0,00	0,00	9.671,71	9.671,71
342/623.00	Inversión. Maquinaria e instalacións deportivas	3.600,00	0,00	3.165,36	6.765,36
336/629.00	Outras inversións. Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico	0,00	0,00	12.686,80	12.686,80
432/627.00	Inversión proxecto información e promoción turística.	0,00	9.613,45	14.714,66	24.328,11
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	860.127,18	600.710,24	930.174,62	2.391.012,04

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 925.816,11 euros

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 22.358,51 euros

IMPORTE TOTAL DA MODIFICACIÓN: 948.174,62 euros

O financiamento desta modificación de crédito proposta realizarase con cargo a:

Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

Remanente líquido de Tesourería a esta data:	4.070.365,59 euros
Remanente empregado noutras modificacións:	1.028.484,83 euros
Superávit orzamentario:	900.577,37 euros
Cantidade que se precisa utilizar neste expediente:	948.174,62 euros
Diferencia, cantidade de Remanente sobrante:	3.122.190,97 euros
Remanente empregado por enriba do superávit:	1.076.082,08 euros
Remanente total empregado en modificacións:	1.976.659,45 euros

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2017 queda como segue:

Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto

Capítulo	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Aumento	Disminuc.	Consignación definitiva
1.- Gastos de persoal	1.830.270,76	80.758,45	0,00	0,00	1.911.029,21
2.- Gastos bens correntes e servic.	3.218.447,69	350.092,48	18.000,00	0,00	3.586.540,17
3.- Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4.- Transferencias correntes	245.579,29	0,00	0,00	0,00	245.579,29
6.- Inversións reais	1.353.894,92	1.150.369,60	930.174,62	0,00	3.434.439,14
7.- Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8.- Activos financeiros	22.000,00	0,00	0,00	0,00	22.000,00
9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAIS	6.670.192,66	1.581.220,53	948.174,62	0,00	9.199.587,81

SEGUNDO: Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó público durante 15 días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no Taboleiro de Edictos do Concello.

TERCEIRO: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

CUARTO: Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, na data que figura na marxe A Alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como fixen o outro día na Comisión, vou facer unha relación que obviamente está xa na Memoria da Alcaldía, das obras que se traen a este suplemento, basicamente obras financeiramente sostibles.

Partidas importantes, a que se inclúe para o saneamento en Santa Marta-Rois, un proxecto que xa foi aprobado no seu día, o ano pasado, e que continúa coa súa tramitación.

Lles dicía o outro día que xa incluíamos no Orzamento un pequeno colector en Moruxo e un tamén en San Vitorio, e están o tres no mesmo proceso agora mesmo neste mes no xurado de expropiacións en Santiago coa previsión de que realmente en setembro ou en outubro xa se poida a facer a licitación, polo tanto o que facemos é dotar o crédito para que cando xa teñamos a dispoñibilidade real e efectiva poder empezar coa licitación. É unha tramitación longa, pois xa digo que levamos mais de ano, ano e medio, e aínda así é unha tramitación na que non se parou de traballar, pero xa digo, son tramitacións longas.

Inclúese tamén dúas propostas para unir colectores existentes tanto en Vilanova, entre Vilanova e Moruxo, en Tatín tamén dous colectores, onde se poidan unir e se poida conectar rede de saneamento existente.

Incluimos tamén unha partida para mellora enerxética no Polígono de Bergondo, non é tampouco a primeira vez, un proxecto que xa leva redactado un par de anos e que conseguiríamos mellorar a iluminación no Polígono, e tamén baixar o consumo enerxético. Tamén se tramitou este ano na subvención de parques empresariais, non está aínda resolta esa subvención que contamos que sexa tamén inminente, e precisamente por esa inminencia e dados os prazos que adoita conceder tamén a Consellería de Industria para facer estas obras, pois necesitamos ter o crédito adecuado.

Tamén propoñemos dúas accións relacionadas en Santa Marta, que son recuamento dunha beirarrúa e tamén dunha illeta e un asfaltado dun camiño; o recuamento da beirarrúa permitirá que os buses poidan aparcar nun espazo onde agora queda libre, xa que houbo as cesións oportunas despois da construción alí dunha nova vivenda, a así non se interrompe tampouco o tráfico, quedando incluso a posibilidade para que algún pai, ou nai, poida aparcar naquela zona onde xa hai posta ao día de hoxe unha marquesiña.

O mesmo non pero parecido, un espazo cedente, resultado das expropiacións en San Paio, un espazo que ao día de hoxe aínda está sen amañar, temos o proxecto feito, temos solicitadas as autorizacións, tanto á Deputación como a Fomento polas súas afeccións, é para organizar aquel espazo e tamén darlle saída a algo que xa había antes que era de forma, polo menos agora, peonil.

Tamén traemos a parte correspondente ao que dicía antes, o IVE, do proxecto de AGADER que non é subvencionable, entón consignamos tamén esa partida.

Redutores de velocidade e separadores de carril, tamén como medidas de seguridade viaria, basicamente encamiñadas á seguridade peonil, á seguridade do propio peón. Aínda que nos orzamentos consignamos unha proposta de sesenta mil euros para adecuación de beirarrúas, temos xa un proxecto que puideron vostedes ver tamén o outro día, de setenta e mil euros, e contamos con ter algunha actuación mais onde a proposta xa non vai con esa beirarrúa de baldosa que ademais de ser incómoda e que require un mantemento continuo, pois facer o que se está facendo xa ao día de hoxe na maior parte de concellos, con aglomerados e demais.

Propuxemos tamén no seu día nos orzamentos, unha partida importante para pistas polideportivas e aínda así o proxecto de cubrir a pista de San Cidre é bastante mais do esperado, son douscentos noventa e seis mil euros, e polo tanto o que se propón é a diferenza; obviamente estamos falando de cantidades para poder licitar, vai haber baixas e non se vai dar... vaise investir esta cantidade porque o e o custo inicial, pero non se vai dar gastado todo isto, pero si necesitamos ter a consignación para poder ter a licitación canto antes.

O mesmo tamén co resto das pistas polideportivas, estivemos amañando unhas cuantas e propoñemos tamén agora o crédito para a de Lubre, que como consecuencia da cuberta aínda sufriu mais danos, xa os tiña, de feito era a que peor estaba, leva tamén moitos anos e require dunha acción importante e polo tanto tamén propoñemos o crédito para reparar as pistas de Lubre, de Cortiñan e de Rois.

Así mesmo tamén substituír o parque biosaudable en Lubre, xa fixo tamén a súa función, dos primeiro que se instalaron no seu momento e cremos que xa lle toca cambialo, porque xa non é posible mais mantemento.

Un kit de motorización de protección do pavimento que se sole poñer habitualmente na Senra, e dúas partidas para a sinalización tanto de fontes como de árbores senlleiras, sinalización tamén dunha ruta de sendeirismo polo Callou, unha partida tamén para unha escultura a Filomena Dato, tamén a previsión é que isto estea feito en febreiro para poder facer a homenaxe da que falabamos onte, e unha partida tamén para limpeza de cunetas, non excesiva porque aínda o ano pasado se fixo unha partida importante de trinta mil euros, e este ano tamén lembrar que os dous proxectos que se van licitar... un de feito xa rematou o prazo, o dos aglomerados asfálticos que está financiado con fondos do POS da Deputación, e tamén o proxecto que veu xa no seu día a pleno, de regas asfálticas, os dous levan limpeza de cunetas co cal se lle vai dar unha boa limpeza a todas as cunetas dos camiños municipais.

Todo isto como di a propia proposta supón un total de novecentos corenta e oito mil euros, cremos que son obras importantes, obras que se poden executar, obras que temos que ter en conta que poidan ser polo menos iniciadas as contratacións neste exercicio, e iso tamén é algo que se debe ter en conta, e non prever actuacións que non se poidan levar a cabo.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a queda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: o certo é que se se aproban proxectos pois hai que dotalos de partida presupostaria, e efectivamente se non están nos presupostos a única maneira de incrementalos e mediante suplementos de crédito ou créditos extraordinarios, pero eu creo que neste momento estamos tirando moi alegremente do crédito, e refírome a dúas partidas que mencionei o outro día na Comisión, unha é respecto ás luminarias do Polígono, porque estamos pendentes dunha subvención, é un proxecto de hai dous anos, pero a ver..., eu non considero que sexa de todo necesario, porque no Polígono a verdade é que a xente circula en coche, non vai camiñando, hai outras cousas que probablemente teñan mais importancia á hora de apurar proxectos.

E a segunda cousa, eu referíame o outro día ao de cubrir todas as pistas polideportivas, gustaríame que a través de participación cidadá se fixera unha enquisa sobre se realmente a xente quere que se cubran todas as pistas polideportivas, porque a min non me transmiten esa idea en todos os sitios, porque está moi ben para o inverno, pero é que despois chega o verán e pode ser un cocedoiro.

Sra. alcaldesa: xa lle dicía o outro día tamén que non todas as pistas se van poder cubrir, porque unhas urbanísticamente e outras polas condicións que teñen, ben sexa por afeccións de Fenosa, que as falamos tamén no seu momento, non se van poder levar a cabo.

Neste caso o que si contabamos..., a proposta si foi esta e tamén e polo sentido de que hai dúas pistas, unha pista obviamente quedaría sen cubrir e a outra cuberta, co cal estamos incluso dando as dúas opcións; xa digo, non vamos poder cubrir todas as pistas, pero si cremos que nun espazo como Galicia a forma de que se poidan utilizar é dando esa oportunidade tamén para o inverno.

En canto ás luminarias do Polígono, efectivamente hai moitas necesidades tamén básicas no Polígono e nos constan e estamos tamén traballando nelas, de feito recordo tamén que o complementario que se incluíu no POS levaba tamén asfaltado xa nas dúas calles das dúas parroquias que faltaban por asfaltar, aínda non temos esa resolución para poder iniciar esa contratación; pero a mellora da iluminación é tamén unha cuestión de aforros, trátase de investir onde temos acumulado moito punto de luz para que poidamos ir diminuíndo a facturación que paga o concello, claro. Entón si, estou de acordo con vostede que necesidades hai múltiples, pero eu coido que polo menos que probablemente este ano..., se nos requiriu documentación e demais, e xa digo, non está resolto e esperamos a ver canto nos dan, se este ano chegamos a cubri-lo.

Sra. concelleira: entón, se me permite, mellorar o consumo, ben, aforro enerxético, ben, porque teremos unhas luminarias mellores, pero a min gustaríame coñecer..., porque eu levo dende que me sento aquí oíndo falar de auditoría enerxética e ao final nada; canto é o consumo medio do Polígono de Bergondo e canto é a previsión de aforro co cambio de novas luminarias.

Sra. alcaldesa: figura no proxecto, teríalle que mirar o dato, non o teño agora aquí pero sei que figura aí, aparte de que xa ía, requiríronnolo da Xunta, se lle tivo que mandar un documento aparte con ese dato; polo tanto consultándoos llo pode dar.

Sra. concelleira: vale.

Sr. voceiro do PP: catro meses mais tarde preséntannos outro suplemento de crédito, esta vez por case novecentos cincuenta mil euros. Cousas necesarias? sen dúbida si, e nós xa o temos solicitado en diversos plenos, como saneamento, a mellora da rede de pluviais e fecais en Tatín, a mellora da seguridade vial, as marquesiñas dos autobuses; son cousas que precisa este concello froito do abandono ao que estivo sometido, son inversións necesarias, non o dubidamos.

Pero non acabamos de comprender como en catro meses levamos en suplementos de crédito case un millón e medio de euros, a nosa pregunta é, como non se contemplou estas inversións nos presupostos que presentaron neste plenario? danos a impresión de que non teñen previsto cal é o estado do concello, do contrario esta inversión estaría prevista nos orzamentos.

Para rematar, imos votar abstención destas inversións, pero o noso voto non vai cambiar a falta de xestión e previsión do goberno municipal.

Sra. alcaldesa: non estaba vostede cando tivemos o pleno para aprobar os orzamentos, e o comentei xa naquel pleno, o Orzamento non o podemos elevar ao infinito nin moito menos, de feito este ano excepcionalmente e por unha de cuestión de atrasos referidos ao Catastro era mais elevado que nos últimos exercicios. Polo tanto nun Orzamento o que contemplamos son as medidas e as actuacións que queremos pero tamén as que podemos, e no Capítulo de Inversións de feito se nos quedaba curto, porque realmente había mais necesidades, pero temos o Capítulo de gastos de persoal, temos o Capítulo de gastos xerais, de gasto corrente, e polo tanto hai que completar todo iso, non podemos incorporar nun Orzamento o remanente; o remanente a única fórmula de utilizado é a través dos suplementos de crédito.

Polo tanto Bergondo fai suplemente de crédito porque pode, ao día de hoxe se lle permite coas condicións que están establecidas e que forman tamén parte dos informes de Intervención; outros concellos non poden facer isto porque non teñen esta capacidade, teñen que chegar a onde chegan co Orzamento e despois coas subvencións que van chegando pouco a pouco.

Polo tanto, falta de previsión no seu día? non, no seu día o que queríamos era ter metido todo isto, pero como nalgún momento hai que cortar, e hai que frear e hai que dicir pois isto terá que esperar, e isto terá que esperar para outra vez porque non podemos, porque non se pode, pero nin nós nin ninguén, é dicir, se temos seis millóns seiscentos, seis millóns trescentos de Orzamento, etcétera, a iso é ao que nos debemos acudir, e temos ademais a obriga de facer un Orzamento equilibrado.

Xa digo, non é unha mala planificación, de feito incluso haberá quen diga se quedando catro millóns de euros aínda de remanente porque este suplemento non vai moito mais aló, ao contrario do que din vostedes, non? pois tamén temos que cumprir cos informes e coa normativa, obras que se poidan executar, ou polo menos iniciar a adxudicación neste exercicio, é dicir, o Concello de Bergondo ao día de hoxe a non ser que fora unha cuestión moi excepcional e que fora nun contrato único, tampouco podería acometer obras por dous millóns de euros porque administrativamente sería inviable, xa digo a non ser que fora un único contrato, estamos falando dunha cuestión moi específica, pero o poño como exemplo, aparte de que teríamos informes en contra nese sentido.

Polo tanto, traemos un suplemento cando aínda hai bastante marxe de actuación durante todo o ano para poder executalo, e é cando se adoitan traer, noutros exercicios incluso en outubro tamén, cando estabamos curtos de partidas e había que suplementar partidas e demais, pois tamén. Verase, verase, non lle pode dicir que non traíamos outro suplemento que sexa necesario, non o sei, pero xa digo, a previsión de obras é a que esta feita agora, temos mais,

temos mais obras pensadas, pero aínda non están en proceso de ter a dotación económica para poder facer a licitación, en todo caso algunhas terán que esperar ao ano que ven, ao Orzamento do 2018.

Sr. voceiro de VB: pois eu sorpréndome que..., pola súas palabra entendo que non vai haber dous sen tres, o sexa para outubro teremos outro...

Sra. alcaldesa: non, non o entenda...

Sr. voceiro: si, si, porqué mire, no primeiro suplemento de crédito díxonos que era a panacea..., e este xa é a segunda panacea; sen embargo boto de menos que non teñamos mais capacidade para asumir mais obras, é dicir, o concello non tivese previsión suficiente de ter obras deseñadas no caixón, preparadas para ter consignación económica.

Por exemplo, temos praias pechadas ao baño e non hai ningún proxecto, vostede di que vai facer..., renovar o alumbeado no Polígono de Bergondo, pero si vostede suma Lubre e Bergondo ten oitocentos puntos de luz, un único proxecto, aforrará moitos mais cartos e dotaría á veciñanza dun método efectivo para poder pasear no inverno, poder pasear no verán. Por exemplo, as limpezas do Polígono de Bergondo, temos unha ordenanza que nos esixe tamén a nós facer certas actuacións, o Polígono de Bergondo leva bastantes anos sen limpar, das fincas municipais xa non lle digo.

Co tema de saneamento podemos ser moitos mais ambiciosos, agora mesmo Lubre é a única parroquia que non ten ningún metro de alcantarillado útil, sen embargo seguro que se tiveramos previsión..., pero claro, seguro que en outubro ven outro suplemento de crédito.

Polo tanto parécenos un suplemento de crédito escaso, xa que o van facer paréceme escaso; é o seu suplemento de crédito, podo estar de acordo ou non con el, pero paréceme escaso, porque se vai facer un segundo suplemento de crédito despois da panacea do primeiro, a só tres meses, non era tanta panacea, e para facer un suplemento de crédito fágao ben, digo eu..., non vaia ser que esteamos dicindo cousas raras.

Polo tanto, o noso voto é abstención, porqué é o seu segundo suplemento de crédito, a súa segunda panacea, e cremos que aínda temos remanente, o que non temos é previsión, están agora correndo para facelas, así durante un ano e pico estaremos aí suplemento tras suplemento; vostede mesma recalcou, ata outubro como outros anos, tamén pode traerse outro suplemento de crédito por suposto, e en febreiro, e outra vez en xullo, pero parécenos ilóxico que tendo tantas carencias, e sobre todo tendo remanente, non comecemos a espabilar para sacalo adiante, sobre todo cando di a Constitución que todos os españois somos iguais, hai parroquias que non son iguais unhas a outras, explíquelles vostede cando queira aos veciños de Lubre porque non teñen alcantarillado, será porque... polo que sexa, por falta de previsión, supoño....

Para non seguir mais, para que non me volva a chamar mentireiro sen datos, o noso voto é abstención, porqué é o seu suplemento de crédito, o seu segundo suplemento de crédito.

Sra. alcaldesa: pois si lle teño que dicir unha mais que comete vostede algunha *mentirijilla*, non sei se a sabendas. Para nós non hai parroquias desiguais, non, e de todas formas vostede ve este suplemento escaso? pois lle digo unha vez mais, eu non estou na cabeza de Montoro para que nos deixe utilizar o remanente como nós queiramos, non; precisamente temos que cumprir cunha serie de condicionantes, e ao día de hoxe este suplemento está informado favorablemente. Lémbrolle que temos que cumprir coa estabilidade, e coa regra de gasto, a vostede iso entendo que lle dá igual.

Si temos obras para mellorar as praias, e unha dela é a que dixen antes, un colector en Moruxo que está tramitándose, pero que leva tempo, leva tempo e eu entendo que os veciños se desesperen, o que non entendo é que un concelleiro desta Corporación ao día de hoxe non entenda aínda estas cuestións, e ademais o aprobaron aquí neste pleno o ano pasado; por certo, tamén temos a previsión do cambio de iluminación en practicamente todo o concello, estamos *trabajando en ello*.

Sr. voceiro: está ben...

Sra. alcaldesa: non se preocupe, esperamos ter boas novas dentro de pouco; esperemos, xa digo..., dentro de pouco. O alcantarillado en Lubre, invítolle a ver a páxina web da Consellería de Medio Ambiente, onde aí está o proxecto que conecta a rede existente en Lubre, esa tramitación é longa, xa o ano pasado empezamos co Plan especial e se remitiu por fin a Medio Ambiente, é dicir, levamos traballando mas dun ano co saneamento en Lubre, co cal..., non,

parroquias desiguais non, si que é certo que non hai aínda en Lubre ninguén que se poida conectar, pero si fixemos os deberes cando nos tocou e cando puidemos, para poñer a rede de saneamento, tanto por parte da Xunta no seu momento con proxectos da Xunta, como proxectos do propio concello, proxectos municipais, e agora o seguimos facendo, e o día que poidamos traeremos a este pleno, ben no Orzamento ou ben nun suplemento, a consignación presupuestaria de oitocentos mil euros para poder facer o proxecto en Lubre, pero é que ao día de hoxe aínda que traíamos os oitocentos mil euros, mórrense, porque este ano é imposible que se poidan executar, leva un proceso demasiado lento, niso estaremos todos de acordo, a Administración neste sentido é lenta, e a xente se desespera, pero é, pero iso non quere dicir que esteamos parados, iso o que quere dicir é que estamos traballando e que cando se poida traer se vai traer.

Por iso lle digo que non é certo, non é certo o que vostede di, ao mellor non é de todo mentira, pero si falta á verdade porque si que é certo que estivemos traballando no saneamento en Lubre, e si que é certo que estamos traballando pola mellora das praias e ademais eu llo demostrro simplemente cos feitos.

E cando lle dixen o tema do suplemento en outubro, tranquilo, non o estamos falando agora mesmo, dixen que outros anos tamén se teñen traído suplementos en outubro, no seu momento, cando se vía que había certas carencias cara a finais de ano, estoulle falando do 2011, antes de saísen as famosas normativas estatais, a cousa cambiou nestes últimos anos, non é culpa do Concello de Bergondo.

Sr. voceiro: só dúas cousas, o tema de Moruxo creo que leva dende hai tres anos, veciños pagados, ía ir nun principio á depuradora de Fiobre, e agora se vai facer a conectividade con Gandarío, creo....

Sra. alcaldesa: estamos falando de cousas distintas, para iso precisamente estamos facendo esa conexión da que falamos aí; cando eu lle falo de Moruxo é do proxecto de colector en Moruxo que vai directamente á depuradora e que foi aprobado o ano pasado no pleno, e ese precisamente o que fai é recoller todas as fecais no camiño, pero que require expropiacións, non estamos falando disto, onde hai veciños que non están conectados, sobre todo veciños de Vilanova porque ían á depuradora como vostede ben di, a depuradora...

Sr. voceiro: de Fiobre...

Sra. alcaldesa: ...de Fiobre, e agora vemos que é factible....

Sr. voceiro: ... que ten que ir á outra...

Sra. alcaldesa: ... incluso aconsellable que se vaia á depuradora de Gandarío, e por iso traemos esa proposta...

Sr. voceiro: perfecto...

Sra. alcaldesa: eu cando lle falo das praias, e das melloras das praias, estoulle falando do outro colector, en Moruxo.

Sr. voceiro: entón entenderei que ese colector é o que vai ir á depuradora de Gandarío, que en teoría vai eliminar que vaia á depuradora de Fiobre, e que imos ter melloría na praia do Regueiro?

Sra. alcaldesa: melloría na praia do Regueiro xa a temos este ano...

Sr. voceiro: ah;; moi ben, vale, perfecto....

Sra. alcaldesa: iso incluso non se preocupe que llo demostraremos dentro de pouco

Sr. voceiro: non, a min non mo ten que demostrar é a Sanidade...

Sra. alcaldesa: a vostede lle temos que demostrar porqué....

Sr. voceiro: que importante me sinto.... Soamente unha cousa, o de Lubre, o proxecto de redacción, é do 2007....

Sra. alcaldesa: si...

Sr. voceiro: vostedes empezaron a maquinaria hai un ano e medio, polo tanto si que hai parroquias que van mais rápidas que outras; polo tanto...

Sra. alcaldesa: polas propias circunstancias, porqué hai sitios e lugares onde non se requiren expropiacións...

Sr. voceiro: claro....

Sra. alcaldesa: iso é certo, e onde os proxectos non son de oitocentos mil euros, e non hai un crédito nin hai un plan axustado para iso.

Sr. voceiro: porque o que se fixo foi aproveitar un proxecto do 2007 que ao mellor se se quería ter como outras parroquias, facendo pequenos bombeos para levar as fecais ata o colector da Fosca, pois tamén se podería facer, pero aproveitaron vostedes un proxecto de 2007 para agora...

Sra. alcaldesa: co que estamos plenamente de acordo, ademais....

Sr. voceiro: perfecto, entón non me diga que non teño razón, había un proxecto no 2007, se o quixeran facer mais rápido, sabendo que tiña todos estes inconvenientes había mais fórmulas técnicas para facelo.... hai, non?...

Sra. alcaldesa: non, neste caso non, non o que se pretende....

Sr. voceiro: non o que se pretende. Última cuestión, mire, a min non me ten que demostrar nada, eu fago a miña labor de oposición co tema das praias....

Sra. alcaldesa: eu llo demostro....

Sr. voceiro: ... fago a miña labor de oposición, lle guste mais ou lle guste menos, igual que faría vostede se estivera aquí sentada.

Sra. alcaldesa: como son as analíticas ao día de hoxe no Regueiro?

Sr. voceiro: vostede publicounas?

Sra. alcaldesa: porque vostede está insistindo en qué é unha praia con deficiencias...

Sr. voceiro: oficialmente non existen, porqué oficialmente hai unha entidade que xa non mide... certo?

Sra. alcaldesa: pois non se preocupe porque dentro duns días dirémoslle nós o ben que están dando as analíticas no Regueiro, nada mais.

Sr. voceiro: estoulle contestando mal?

Sra. alcaldesa: non, pero vostede dá a entender que no Regueiro a auga está pouco menos que....

Sr. voceiro: non entendeu nada; digo o di a Lei, as praias que non.... e que ademais.... non intente confundirme....

Sra. alcaldesa: non, confundir intenta vostede aos veciños, pero intenta continuamente....

Sr. voceiro: pola miña culpa....

Sra. alcaldesa: pola súa culpa probablemente hai xente que ten un concepto equivocado....

Sr. voceiro: pola miña culpa pechouse ao baño a praia do Regueiro...

Sra. alcaldesa: non está pechada ao baño....

Sr. voceiro: como que non....

Sra. alcaldesa: ten vostede alí unha corda? para non poder entrar?

Sr. voceiro: hai unha normativa que di qué está prohibida ao baño....

Sra. alcaldesa:está cerrada ao baño? está prohibido..., está non recomendable.

Sr. voceiro: está nunha norma..., está incumpríndoa

Sra. alcaldesa: estou cumprindo perfectamente o que di o decreto europeo, perfectamente....

Sr. voceiro: non, se fora así....

Sra. alcaldesa: perfectamente, e senón acaba de dicilo vostede, revise vostede realmente o decreto.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: eu dende logo non vou entrar en estas polémicas absurdas, absurdas e repetidas, gastadas, viciadas incluso....

Sra. concelleira de VB, Alicia Souto: o que hai que oír....

Sr. voceiro de SON: se non quere oír....

Sra. alcaldesa: señora concelleira....

Sr. voceiro de SON: que quere que lle diga....non oía...eu non interrompín...

A señora concelleira segue facendo manifestacións polo baixo ...

Sra. alcaldesa: señora concelleira, aquí non facemos comentarios mentres outro compañeiro está falando, de calquera Partido, son a primeira que se alguén do meu grupo fai algún comentario durante o uso da palabra, que lles chama á orde, por iso

Sra. concelleira de VB: mire para un pouco para a esquerda.....

Sra. alcaldesa: señora concelleira, lle chamo a orde.

Sra. concelleira de VB: como queira...

Sra. alcaldesa: señora concelleira, por segunda vez lle chamo a orde, e á terceira se vai vostede de aquí.

Sra. concelleira de VB: pois moi ben, perfecto....

Sra. alcaldesa: pois moi ben, por favor abandone a sala, señora concelleira.

Sra. alcaldesa: é que por unha tontería

Sr. voceiro de VB: soamente como portavoz, se me permite.....

Sra. alcaldesa: é que non están vostedes no uso da palabra, están interrompendo ...

Sra. concelleira de VB: consentir, hai que consentir a todo o mundo por igual....

Sra. alcaldesa: pois precisamente, esa é a miña labor

Sra. concelleira de VB: pero non consinte...moitas graza por expulsarme....viva Venezuela....

Sra. alcaldesa: señora concelleira....

- A Sra. Souto Ramos abandona a sesión e o salón de plenos ás 21:58 horas-

Sr. voceiro de VB: só por unha cuestión de orde, se pode....

Sra. alcaldesa: remate vostede, porque está no uso da palabra o voceiro de Anova...

Sr. voceiro de VB: o que non quere para os demais non o queira para vostede...

Sra. alcaldesa: efectivamente, e nunca quero para os demais o que non quero..., estou de acordo con vostede.

Sr. voceiro de VB: eu antes, cando estaba intentando replicarlle co tema da Conta, non me deixou terminar, cortoume a palabra, e non me deu pé a contestar, e iso que me chamou gran mentireiro...

Sra. alcaldesa: non....

Sr. voceiro de VB: desculpe, déixeme terminar, sen embargo parece que agora prevalece o que di o seu socio de goberno, para poder replicar, insinuar., o que sexa con respecto a oposición....

Sra. alcaldesa: señor concelleiro, xa non está vostede tampouco no uso da palabra.

Sr. voceiro de VB: entón nós ímonos, porque isto non é un pleno, aos plenos vense a debater...

Sra. alcaldesa: aos plenos vense a debater, pero non a montar *numeritos*...

Sr. voceiro de VB: pero vostede consinte....

Sra. alcaldesa: pero lle acabo de dicir á concelleira que respectase, o mesmo que lle digo a calquera outro concelleiro, que respecte, que está falando outro compañeiro, nada mais, moi ben.

Os concelleiros de Veciños de Bergondo, Sr. Fafían Torreiro e Sra. Caseiras Arroyo abandonan o salón de sesións ás 20:00 horas.

Continúa o Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: imos ao importante; o importante é que sometemos á aprobación un suplemento de novecentos corenta e oito mil euros, onde se recollen unha vintena de obras e actuacións importantes ao noso xuízo, e obviamente poderían ser estas, incluso outras..., se fixeramos unha enquisa sairíanos outras moitas opcións porque a xente, loxicamente, percibe unhas necesidades por riba doutras. Iso non quere dicir, como xa se dixó neste pleno, que non se estea traballando nesas outras necesidades e nesas outras actuacións, permítome recordar o que xa anunciaba a alcaldesa, un tema importantísimo, e ademais dependemos de que nos saia ben...

Sra. alcaldesa: os fondos IDAE...

Sr. voceiro: exactamente, sería unha inversión importantísima e moi grande, para chegar a todo o concello e lograr a eficiencia enerxética dunha porcentaxe elevadísima do concello.

E outro tema fundamental é a senda do río Maior en Lubre, e por suposto dotar de saneamento a eses colectores que ao día de hoxe están aí pero non podemos poñer en servizo.

Isto como obras fundamentais para o futuro, pero hai outras mais nas que estamos traballando, nas que estamos pensando para os orzamentos e futuros suplementos, que serán cando corresponda, loxicamente.

E iso é o importante, eu non quero falar agora sen estar presentes os concelleiros que acaban de abandonar a sala, pero creo que en ningún momento me referín a eles en persoa, simplemente dixen que eu non ía entrar en polémicas absurdas, porque creo que son polémicas absurdas cando á xente o que lle interesa son as actuacións e as obras que precisan para a súa parroquia, para o seu lugar, e para o concello en xeral, iso é o importante, o demais son fogos de artifício.

Sra. concelleira non adscrita: se me permite....

Sra. alcaldesa: si.

Sra. concelleira: eu escoitei que se sae o proxecto do IDAE que se mellorarían as luminarias de todo o concello...

Sra. alcaldesa: non, de todo non.... por desgraza de todo non...

Sra. concelleira: e digo eu, entón que criterio se seguiu para que primeiro sexa o Polígono e non....

Sra. alcaldesa: porqué o Polígono xa estaba incluído na subvención de Parques Empresariais, e porque no resto do concello tamén temos moita necesidade onde....., o sexa, sobraríanos no resto do concello sen ter que incluír o Polígono, o valoramos, valoramos incluír o proxecto do Polígono, pero se o incluíamos nesa subvención, onde intentamos ser o mais rápidos posibles e o mais áxiles, e o presentamos xa cando nos permitiu a aplicación subir toda a documentación; e non debíamos esperar, xa que ademais nos fondos IDAE vai por orden de chegada.... o ideal tería sido esperar á resolución da subvención da Xunta, de Parques Empresariais, ese houbera sido o ideal, pero non podíamos arriscarnos porque esperabamos demasiado para presentar a solicitude nos fondos IDAE.

Polo tanto, foi unha decisión en conxunto tamén valorado coa asistencia técnica que nos facía; temos moitísimas obras en todo o concello, en caso de que nola dean, para poder mellorar a eficiencia enerxética e baixar o consumo de carbono, que ademais é unha das cuestións que se plantexan na propia Orde, e foi por iso polo que non se incluíu...

Sra. concelleira: vale...

Sra. alcaldesa: de feito, a verdade non se me ocorreu..., soamente no caso de que nos deran esa subvención, ao mellor proximamente, e tiveramos que habilitar xa o crédito, porque a subvención é do oitenta por cento e o concello ten que poñer o outro vinte por cento, ao día de hoxe non ten esa dispoñibilidade, ao mellor vémonos facendo un suplemento en outubro....., vémolos difícil, vemos complicado que a resolución sexa tan rápida e demais, incluso a necesidade de ter o crédito neste exercicio, e mais pensando cara o 2018.

Sra. concelleira: de todos modos, se a subvención é do oitenta por cento, o concello tería que poñer trinta mil euros aproximadamente, non pasaría nada con facer un suplemento de crédito..., digo trinta, corenta....

Sra. alcaldesa: pero vostede está falando dos fondos...

Sra. concelleira: non, eu estoulle falando da subvención de Parques Empresariais, o que temos que poñer é o vinte por cento.

Sra. alcaldesa: na subvención de Parques Empresariais sería como máximo un vinte, pero tamén ao mesmo tempo a subvención da como máximo cento vinte mil euros, se nos deran o total teríamos que poñer os trinta e nove mil euros restantes que con iso sería necesario.

Sra. concelleira: ben, entón hai que poñer mais cartos dos que eu prevía, pero non moitísimo mais, e eu sigo dicindo porque non se espera á subvención de Parques, que algún ano nola darán, porque xa quedamos o anterior e o anterior....

Sra. alcaldesa: por unha cuestión de tempo...

Sra. concelleira: pero eu referíame, porque se no proxecto este non está contemplado todo o resto de poboación, non está contemplado todo Bergondo, oxalá estivera, dixo vostede hai un momento...

Sra. alcaldesa: pero é un millón de euros ... e a mais non se podía...

Sra. concelleira: pero eu creo antes de aventurarnos todo o demais, eu tiraría mais de sitios por onde hai poboación camiñando, que, sigo insistindo, no Polígono, pero ben....

Sra. alcaldesa: pero precisamente por iso, e que creo que é..., ou non me expliquei ben ou...

Sra. concelleira: si, a ver..., son diferente maneiras de velo, vostede estame dicindo, eu quero poñer aí cento sesenta mil euros para o Polígono, se nos dan a subvención ben e se non nola dan tamén.

Sra. alcaldesa: e senón polo menos temos a consignación; vostede di porque non esperamos a que nos dean a subvención...

Sra. concelleira: claro, para facer a obra do Polígono e destinamos eses cento sesenta mil euros a outro alumeado público...

Sra. alcaldesa: pero iso poderemos facelo igualmente, se nós esperamos á resolución, igual que pasou un ano, a resolución de Parques Empresariais, e habilitamos o crédito ao mellor no mes de agosto, e ademais non temos un pleno ordinario, onde teríamos que esperar despois á exposición pública dese suplemento; é dicir, o suplemento aínda

que hoxe quede aprobado, mañá non se pode empezar a executar, e aproximadamente tarda un mes, por iso precisamente decidimos metelo agora, porque despois non daría tempo a facer todo o expediente administrativo xa non con calma, senón cumprindo todos os prazos que marca.

Sra. concelleira: a ver, no fondo eu o que lle quero dicir, xa sen entrar en tantos matices, porque parece que non nós estamos entendendo, é que para min é mais importante o resto da poboación que o Polígono de Bergondo.

Sra. alcaldesa: estou de acordo con vostede....

Sra. concelleira: en consecuencia, non considero esa obra prioritaria e si considero prioritario o alumeado en determinados lugares que non o hai neste momento, ou é totalmente deficitario.

Iso é o que a min non me motiva a aprobar este suplemento de crédito, porque o que lle digo, hai outras... a ver, prefiro que se vexa por onde camiña a xente e non que vexan os do Polígono, que ao fin e cabo a maior parte non son nin de Bergondo.

Sra. alcaldesa: estamos de acordo, xa lle digo; e tamén unha cuestión de consumo, unha cuestión enerxética, e o que si debemos facer é non primar tampouco excesivamente esas actuacións, porque a fin de contas os nosos veciños teñen deficiencias ao día de hoxe nos seus alumeados, e importantes ademais, que si que é así. Xa digo, trataremos a través dos fondos IDAE resolvelo o mellor que se poida, porque nin sequera co total da subvención chegaríamos a completar a rede municipal.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor e tres (3) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

10. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de xullo de 2017, que transcrita literalmente di:

"O presente expediente de modificación, propónse para proceder á regulación das bonificacións recollidas no artigo 95.6 apartados a) e b) con respecto á clase de carburante que consuma o vehículo, en razón á incidencia da combustión de dito carburante no medio ambiente, así como, en función das características dos motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente.

Por todo o antedito, procede realizar a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e tras ve-lo informe de Intervención e en consonancia coa documentación que integra o expediente, propónse ó Pleno da corporación que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, cuxo texto modificado queda como segue:

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo primeiro. Normativa

Por medio da presente Ordenanza fiscal, regúlase o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, de conformidade co establecido no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo segundo. Natureza e feito imponible

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

Considérase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non cause baixa nos mesmos. Ós efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

Non están suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 kilogramos.

Artigo terceiro. Exencións

1.- Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sé ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
- c) Os vehículos respecto dos que así se derive do desposto en tratados ou convenios internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.
Así mesmo, estarán exentos vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte. As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.
A efectos do disposto neste parágrafo, considéranse persoas con minusvalía quen teña está condición legal en grao igual ou superior ó 33%. Terán a consideración de persoas con discapacidade, segundo o disposto na lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, aquelas a quen se lle recoñeza un grao de minusvalía igual ou superior ó 33%. En todo caso, consideraranse afectados en grao igual ou superior ó 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grao total, absoluta ou gran invalidez e ós pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.
- g) Os tractores, remolques e semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

2.- Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio.

Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo e) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán adxuntar a seguinte documentación:

Vehículos conducidos con persoas con discapacidade:

- Acreditación da minusvalía mediante certificado emitido polo órgano competente, ou mediante o establecido no artigo 2 do Real Decreto 1414/2006, de 1 de decembro, polo que se determina a consideración con persoa con discapacidade ós efectos da lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

- Fotocopia do permiso de condución
- Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido
- Fotocopia da póliza do seguro na que figure o minusválido como condutor habitual
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da ficha técnica do vehículo
- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención

Vehículos destinados ó transporte de minusválidos:

- Acreditación da minusvalía mediante certificado emitido polo órgano competente, ou mediante o establecido no artigo 2 do Real Decreto 1414/2006, de 1 de decembro, polo que se determina a consideración con persoa con discapacidade ós efectos da lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Fotocopia do permiso de circulación
- Fotocopia da póliza de seguro do vehículo na que figure o seu condutor habitual.
- Fotocopia do DNI do minusválido e do condutor habitual do vehículo
- Fotocopia da ficha técnica do vehículo
- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención

No caso de presentación de fotocopias, exhibirase o orixinal.

As exencións que se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente

En caso de presentar a solicitude de exención con posterioridade ó devengo do imposto, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ó da solicitude.

Artigo cuarto: Cuota

De conformidade co artigo 95.4 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello fixa o coeficiente de incremento, no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sobre as cuotas orixinais establecidas no citado artigo 95.1 do mesmo texto legal, nos seguintes termos:

Potencia y clase de vehículo Coeficiente

A)Turismos

- De menos de 8 cabalos fiscais 1,2
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais 1,2
- De 12 ata 15,99 cabalos fiscais 1,2
- De 16 ata 19,99 cabalos fiscais 1,3
- De 20 cabalos fiscais en adiante 1,3

B)Autobuses

- De menos de 21 prazas 1,2
- De 21 a 50 prazas 1,2
- De mais de 50 prazas 1,2

C) Camións

- De menos de 1.000 Kg. de carga útil 1,2
- De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil 1,2
- De 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil 1,2
- De mais de 9.999Kg. de carga útil 1,3

D)Tractores

- De menos de 16 cabalos fiscais 1,2

- De 16 a 25 cabalos fiscais. 1,2
- De mais de 25 cabalos fiscais. 1,2

E) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

- De menos de 1.000 e mais de 750 Kg. de carga útil 1,2
- De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil. 1,2
- De mais de 2.999 Kg. de carga útil. 1,2

F) Outros vehículos:

- Ciclomotores 1,2
- Motocicletas ata 125cc. 1,2
- Motocicletas de mais de 125cc ata 250cc. 1,2
- Motocicletas de mais de 250cc ata 500cc. 1,3
- Motocicletas de mais de 500cc ata 1.000cc. 1,3
- Motocicletas de mais de 1.000cc. 1,3

Artigo quinto. Bonificacións

1.- Os suxeitos pasivos que teñan ó seu nome o vehículo no permiso de conducir poderán solicitar unha bonificación do 100% na cuota do imposto, cando o vehículo esté catalogado de histórico ou teña unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data de fabricación. Si esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. Esta bonificación terá natureza reglada e carácter rogado

2.- Os vehículos das clases turismo, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos seguintes, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo que minimicen as emisións contaminantes. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% na cota do imposto durante seis anos naturais desde a súa primeira matriculación.

b) Que se trate de vehículos novos sen matricular clasificados como turismo de motor gasolina ou diesel cuxas emisións de CO2 non superen os 120 gr/Km. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% na cota do imposto durante catro anos desde a súa primeira matriculación.

c) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% da cota con carácter indefinido, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.

d) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidrógeno e GLP ou mixtos-GLP-gasolina en motores de ciclo OTTO, tanto implantados de fábrica como posteriormente, sempre certificando a súa implantación por organismos ou empresas homologadas para devandito fin. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% na cota en tanto utilicen os combustibles citados.

Para poder gozar das anteditas bonificacións, os interesados deberán instar a súa concesión presentando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos. As bonificacións regladas no presente apartado non son aplicables simultaneamente.

3.- As bonificacións establecidas nos apartados anteriores serán de natureza reglada e terán carácter rogado, debendo ser solicitadas expresamente polo suxeito pasivo ante a Deputación Provincial da Coruña acompañando a documentación acreditativa necesaria para determinar o establecido neste artigo.

4.- Os interesados deberán presentar a solicitude de bonificación con anterioridade á data do devengo do imposto. En caso contrario, a concesión da bonificación terá efectos desde o período impositivo seguinte.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza modifica a aprobada polo Pleno en data 30 de outubro de 2014 e publicado o texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia nº 247 de data 26 de decembro de 2014.

2º.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza.

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, na data que figura na marxe. A Alcaldesa Asdo.: Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como lles comentaba o outro día, despois de ter debatido, e de feito no propio grupo de goberno é unha cuestión que suscita diferentes opinións e todas entendibles; no seu día o imposto de rodaxe, permítame o nome polo que habitualmente o coñecemos, grava aos vehículos para que despois os concellos poidan dispoñer de partidas e de ingresos suficientes para poder facer o mantemento das estradas; é certo que quizá este imposto foi perdendo un pouco este espírito, pero en todo caso si son unhas cantidades o suficientemente importantes de ingresos no concello para que nos plantexemos seriamente calquera tipo de bonificacións, pero xa que tamén estamos sensibilizados coa cuestión medioambiental, e aínda que tamén cremos que facer unha bonificación do vinte e cinco por cento, xa sei que noutros concellos hainas moi superiores, non vai facer que un decida mercar un vehículo híbrido ou un vehículo eléctrico, xa que esa diferenza no imposto non é tampouco significativa como para que un decida facer esa compra ou non, e tamén porque non sabemos ata que punto vai repercutir esta bonificación no computo total de ingresos no Concello de Bergondo, e por iso polo que a bonificación que se propón é dese vinte e cinco por cento, e tanto en vehículos híbridos onde aí está expresado.

Comentáballes o outro día que consultamos o texto cos servizos da Deputación, porque ademais son eles os que fan despois a xestión do cobro, a recadación dos tributos, polo tanto teñen que ter eles claro o tema da documentación e demais. O mesmo tamén cos vehículos de motor eléctrico, vehículos que utilicen biogas, gas natural comprimido, etcétera.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: dicíallo o outro día na Comisión, trece meses para xestar un cambio na ordenanza. A verdade é que non sei ben cal é o obxectivo que se persegue, porqué vostede mencionábo hai un momento, se é motivar á cidadanía para que coide o medio ambiente, pouco lles imos motivar con ese vintecinco por cento.

Eu apuntáballe tamén o xoves pasado que despois de Betanzos, que ten un vinte por cento de bonificación e Cabanas un vinte e cinco, somos os seguintes mais cutres da Comarca, os restantes rondan o cincuenta e o setenta e cinco por cento.

Tamén é verdade que lle dicía que a min fáltame unha bonificación para os titulares de vehículos que fan poucos quilómetros ao ano, porqué eses si protexen o medio ambiente porque teñen o coche aparcado na súa casa. O meu voto vai ser abstención.

Sra. alcaldesa: o que xa lle dicía o outro día, en certo modo entendo tamén a súa interpretación.

Sr. voceiro do PP: como xa sabe este pleno, o PP de Bergondo levou a cabo a moción para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora sobre vehículos de tracción mecánica o trinta de xullo do pasado ano; un ano mais tarde compráenos que se leve esta modificación, pero aínda así sinto ter que lamentar que só se contemple unha redución do vinte e cinco por cento, cando nós solicitamos en xullo do ano pasado, e así se aprobou naquela moción no pleno, unha redución do trinta e cinco por cento.

Voulle poñer algún exemplo dos concellos veciños, Carral contempla unha bonificación do setenta e cinco por cento, Cambre dende o cincuenta ata setenta e cinco, Sada o cincuenta, e Oleiros o cincuenta.

Lamentamos que a modificación da Ordenanza siga mantendo un marcado carácter recadatorio, o que ocasiona un grave prexuízo ao contribuínte e ao medio ambiente, pero aprobaremos a moción coa esperanza de que no futuro se poidan subir as bonificacións para os citados coches.

Sra. alcaldesa: si, a Ordenanza é recadatoria, como todas, pero é que sen ingresos tampouco podemos facer despois as obras e todo o que piden, incluso o Partido Popular, o que tamén reclama a través de mocións ou a través tamén dos rogos e preguntas.

Polo tanto podo entender que é escaso, de todas formas quero lembrarlles que no seu día tamén lles dimos oportunidade de que a moción que realmente non propoñía ningún texto específico, non diferenciaba híbridos, eléctricos ou demais, e se lle deu a oportunidade para que realmente propuxeran un texto un pouco mais específico, e como isto non se fixo durante todos estes meses pois a proposta do goberno é esta, que xa digo, lles pode parecer escasa, efectivamente somos comedidos, somos comedidos polo que eu dicía antes, non sabemos a repercusión que poida ter nos ingresos.

Estou de acordo con vostede que vendo como vaia evolucionando pois ao mellor se pode practicar unha modificación posterior no seu momento, ou ben porque incluso saen outros coches que contaminan menos ou incluso porque se esa repercusión é moi concreta e é moi pequena, pois incluso ao mellor se pode incrementar.

Xa digo, é unha Ordenanza cunha modificacións de mínimos porque nós mesmos mantemos as dúbidas de que un coche eléctrico, un coche híbrido fai uso da estrada igual que un coche de gasoil, independentemente de que o efecto medioambiental sexa obviamente moi distinto, pero o efecto á estrada, ao pavimento, que é polo que eu dicía ante, é o mesmo, ou polo menos ao día de hoxe non nós consta que os vehículos eléctricos pisen de forma distinta...

Sr. voceiro: non, evidentemente gastarán mais ou menos dependendo da cilindrada de cada coche, do peso e outras variables que dende logo eu non controlo, pero a proposta da Alcaldía di que con respecto á clase de carburante en razón á incidencia da combustión de dito carburante, non fai alusión a ningún tipo de desgaste de neumático.

Sra. alcaldesa: precisamente por iso, por iso lle digo a cuestión interna de debate interno e de que entendendo que os coches aínda que teñen outras melloras e non serei eu quen as discuta e probablemente dentro de moitos anos estaremos todos con este tipo de vehículos, e ao mellor tampouco nos podemos permitir que ningún deles teña bonificacións, pero iso será en todo caso un debate que se terá que dar no futuro.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: xa se explicou, non vou dicir nada que non se dixera xa, no propio goberno houbo debate respecto a esta cuestión. Eu creo que neste tema todas as posturas, polo menos as que se teñen manifestado, son perfectamente entendibles, creo que hai argumentos mais que suficientes, tanto a favor como incluso en contra.

Eu creo que un vinte e cinco por cento pode satisfacer a necesidade, creo eu particularmente, de que nos unamos ao grupo de concellos que xa practican bonificacións e deixemos o pequeno grupo que eramos e que agora é mais pequeno aínda, de concellos onde non se facía este tipo de bonificacións. Creo recordar que agora queda Abegondo e un ou dous mais, non quero.... Abegondo seguro.

Creo que é unha cuestión importante no sentido que acabo de manifestar, pero tamén, insisto, entendo perfectamente os argumentos que se manifestaron no sentido contrario.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PsdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova:

dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total nove (9) votos a favor e unha (1) abstención.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

11. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE ACOLLEMENTOS CIVÍS DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de xullo de 2017, que transcrita literalmente di:

"No ano 2009 cumpríronse os 50 anos da Declaración Universal dos Dereitos do Neno e os 20 anos da Convención de Dereitos do Neno, ambas aprobadas pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas. Nestes documentos conságranse unha serie de dereitos de carácter universal, indivisible e interdependente, incumbindo a todos os poderes públicos a responsabilidade de garantilos. Pero o recoñecemento dos mesmos, así como os mecanismos que permiten a súa aplicación e protección resultan aínda insuficientes, nomeadamente no relativo aos dereitos sociais, económicos e culturais. A vida actual esixe precisar mellor certos dereitos e impón o recoñecemento doutros novos, como o respecto polo medio ambiente, a garantía dunha alimentación saudable, da tranquilidade, das posibilidades de intercambio e lecer, etc.

Neste contexto, o municipio amósase como o espazo político e social máis axeitado para facer fronte ás demandas dos mais cativos, por ser a administración pública máis próxima a eles. É así como o concello de Bergondo leva xa moitos anos fomentando, por todos os medios dos que dispón, o respecto da dignidade de todos os nenos e nenas e a calidade de vida dos que habitan no termo municipal, creando as condicións precisas para que poidan gozar da súa infancia.

Os "acollementos civís"; ou "actos de benvinda á comunidade"; dos nenos e nenas de Bergondo institucionalizan o compromiso do concello cós seus dereitos, que son símbolo do progreso da humanidade, e en particular coa Declaración universal dos dereitos do neno de 1959 e coa Convención sobre os dereitos do neno de 1989. Neste contexto, o acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e partícipes de dereitos, liberdades e deberes que a todos atinxen.

Con esta cerimonia preténdese iniciar aos nenos e nenas do municipio no longo camiño das actitudes cívicas, que lles conduzan a un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade. Este obxectivo maniféstase no compromiso dos pais ou representantes legais, xunto cos padriños e/ou madriñas, con estes valores, para que os cativos se convertan en cidadáns e cidadás libres e iguais en dereitos e deberes.

Recoñecida ao concello a potestade regulamentaria ao abeiro do disposto no artigo 4.1º.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e considerando que estamos diante dunha competencia municipal, dado que a procura dunha educación digna, un medio ambiente saudable, a prestación dos servizos básicos, protección da salubridade, deporte, cultura... son competencias propias municipais que teñen que ver, moi estreitamente, cos dereitos dos nenos proclamados entre outros no artigo 24 da Convención sobre los derechos del niño, ratificado polo goberno español o 20 de novembro de 1989, publicado no BOE núm. 313 do 31.12.1990, que obriga, entre outras, a que as medidas concernentes ao nenos, que tome calquera institución pública ou privada, autoridade administrativa ou poder lexislativo, unha consideración primordial á que atenderase será o interese superior do neno.

Considerando que ao abeiro do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, regula a consulta pública previa á elaboración do proxecto de Regulamento a través do portal web

para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas afectadas pola futura norma: se ben este trámite obrigatorio ten excepcións, as do artigo 133.4, as normas presupuestarias u organizativas, cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen, que non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigacións relevantes aos destinatarios, ou supostos de tramitación urxente do procedemento. Esta alcaldía entende que a regulación dos acollementos civís, non ten ningún impacto na actividade económica e non impón obrigacións relevantes aos destinatarios, xa que é algo totalmente voluntario.

Considerando o Regulamento como o instrumento normativo máis axeitado para a súa regulación.

Proponse á Comisión Informativa ditamine favorablemente a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente o Regulamento de acollementos civís do Concello de Bergondo, que se transcribe como anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

Regulamento de acollementos civís do Concello de Bergondo

No ano 2009 cumpríronse os 50 anos da Declaración Universal dos Dereitos do Neno e os 20 anos da Convención de Dereitos do Neno, ambas aprobadas pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas. Nestes documentos conságranse unha serie de dereitos de carácter universal, indivisible e interdependente, incumbindo a todos os poderes públicos a responsabilidade de garantilos. Pero o recoñecemento dos mesmos, así como os mecanismos que permiten a súa aplicación e protección resultan aínda insuficientes, nomeadamente no relativo aos dereitos sociais, económicos e culturais. A vida actual esixe precisar mellor certos dereitos e impón o recoñecemento doutros novos, como o respecto polo medio ambiente, a garantía dunha alimentación saudable, da tranquilidade, das posibilidades de intercambio e lecer, etc.

Neste contexto, o municipio amósase como o espazo político e social máis axeitado para facer fronte ás demandas dos mais cativos, por ser a administración pública máis próxima a eles. É así como o concello de Bergondo leva xa moitos anos fomentando, por todos os medios dos que dispón, o respecto da dignidade de todos os nenos e nenas e a calidade de vida dos que habitan no termo municipal, creando as condicións precisas para que poidan gozar da súa infancia.

Os "acollementos civís" ou "actos de benvida á comunidade" dos nenos e nenas de Bergondo institucionalizan o compromiso do concello cós seus dereitos, que son símbolo do progreso da humanidade, e en particular coa Declaración universal dos dereitos do neno de 1959 e coa Convención sobre os dereitos do neno de 1989. Neste contexto, o acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e partícipes de dereitos, liberdades e deberes que a todos atinxen.

Con esta cerimonia preténdese iniciar aos nenos e nenas do municipio no longo camiño das actitudes cívicas, que lles conduzan a un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade. Este obxectivo

maniféstase no compromiso dos pais ou representantes legais, xunto cos padriños e/ou madriñas, con estes valores, para que os cativos se convertan en cidadáns e cidadás libres e iguais en dereitos e deberes.

Artigo 1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente documento a regulación da organización do acto social denominado "acollemento civil" ou "acto de benvida á comunidade" en cuxa virtude o concello fai público un recoñecemento de acollida ao neno ou nena que naceu e/ou que vive en Bergondo, e se compromete, xunto coa súa familia, a velar pola súa educación e a defender e garantir os seus dereitos.

Artigo 2.- Finalidade.

O acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e sexan partícipes dos dereitos, as liberdades e os deberes que a todos nos atinxen.

Estes actos de benvida á comunidade reafirman o compromiso do municipio por avanzar cara unha sociedade máis libre, xusta e democrática, na que os dereitos dos nenos gocen dunha protección preferente.

Artigo 3.- Réxime xurídico

O acollemento civil non produce efectos legais nin presupón ningún privilexio ou preferencia do neno ou nena acollido no acceso aos servizos municipais.

O rexistro municipal de acollemento civil ten natureza administrativa, réxese polas normas recollidas neste regulamento, así como por outras que, con carácter complementario, se poidan ditar.

A inscrición no rexistro de acollementos civís non terá en ningún caso cualificación xurídica de acto, e unicamente será unha constatación administrativa dos acollementos civís que foran realizados no Concello de Bergondo.

Artigo 4.- Suxeitos.

Este acto social está dirixido aos nenos e nenas do concello de Bergondo.

Artigo 5.- Requisitos

Os acollementos realizaranse previa solicitude dos pais, nais ou titores legais, que deberán cumprir os requisitos seguintes:

- Que as persoas obxecto do acollemento civil sexan nenos e nenas menores de idade
- Que as persoas solicitantes teñan a condición de pais, nais ou representantes legais do menor e manifesten o seu consentimento.
- Que algunha das persoas solicitantes sexa natural ou figure empadroada no Concello de Bergondo.

Os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como padriños ou madriñas na cerimonia, asumindo as ditas persoas os compromisos que aqueles en canto á formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

Artigo 6.- Procedemento.

Presentación dunha instancia no Rexistro xeral do concello solicitando a participación no acto social asinada polos representantes legais do menor, achegando unha copia cotexada dos documentos nacionais de identidade e do libro de familia/documento acreditativo da dita representación legal (certificación de nacemento do menor, acollemento ou adopción). A acreditación dos datos padroais farase de oficio polos servizos municipais.

A solicitude formalizarase mediante o modelo normalizado que figura como anexo I ao presente regulamento. Deberá ser presentada con 30 días naturais de antelación, no Rexistro de Entrada do Concello, achegando tamén os documentos de identidade dos solicitantes.

Se a solicitude non reunise todos os requisitos, o Concello comunicará ás persoas interesadas a non procedencia da súa tramitación, e se lles facilitará un prazo de 15 días para que resolvan as deficiencias da súa solicitude. No caso de que a solicitude estea completa tramitarase a petición, comunicándose ás persoas solicitantes, no prazo dun mes, o día e o lugar de celebración do acto.

Os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como padriños e/ou madriñas na cerimonia, asumindo os mesmos compromisos que aqueles en canto a formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

Artigo 7.- Celebración.

O acto de celebración do acollemento civil terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello ou noutra sala habilitada, e será presidido polo alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.

Procederá á lectura ao neno/a e aos seus representantes legais e padriños/madriñas dalgún artigo da Declaración dos Dereitos do Neno/a, dos artigos 12 e 27 da Convención sobre os Dereitos do Neno/a, do artigo 24 da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea, e dos artigos 39.3 e 39.4 da Constitución Española, sen prexuízo da posibilidade de que as persoas solicitantes, padriños, madriñas ou autoridades poidan ler algún outro artigo ou texto relativo á natureza do acto.

Os representantes legais e padriños e/ou madriñas formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen neste texto e nas demais normas vixentes no estado español.

Os actos poderán ser individuais ou colectivos, podendo asistir os familiares e amigos/as do neno ou nena, coas únicas limitacións que impoña o aforo da sala ou espazo no que se realice a cerimonia.

O presidente/a, ou persoa en quen delegue, levantará acta, que será asinada polos representantes legais do neno ou nena e, no seu caso, polos padriños e/ou madriñas. Un exemplar da devandita acta será custodiado polo Concello de Bergondo.

Artigo 8. Protección de datos.

O tratamento automático dos datos que constan no concello requirirá o consentimento expreso das persoas que ostenten a patria potestade do/a menor e, en todo caso, as actuacións respectarán estritamente a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira.

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e transcorra o prazo de quince (15) días o que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACOLLEMENTO CIVIL NO CONCELLO DE BERGONDO

Don/Dona con Documento de identidade nº..... e
Don/Dona..... con Documento de identidade nº empadroados
en.....

EXPOÑEN

1. Que como pais/nais/titores da persoa menor de idade desexan celebrar o seu acto de acollemento civil
2. Que reúnen todos os requisitos esixidos no artigo 5 do Regulamento de acollementos civís.

SOLICITAN

A celebración do acto de acollemento civil para o día de de 20....

Asdo. (os solicitantes)

Documentos que achegan (risquen a correspondente):

- Fotocopia cotexada do Documento de identidade das persoas solicitantes
- Fotocopia cotexada do libro de familia ou certificación de nacemento, acollemento ou adopción.

Bergondo, 17 de xullo de 2017. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: non é tampouco unha novidade, si que é certo que é unha cuestión que non hai en moitos concellos, pero son en todo caso demandas que vai facendo a sociedade, que van facendo os veciños; porque tamén é certo que en concellos mais ou menos alonxados si se están levando a cabo estas accións.

Neste caso voulle chamar mal o tema dos bautizos civís, pero si que é certo que vulgarmente é como se adoita chamarlles; nós insistimos obviamente que o Regulamento é de acollementos civís e ratificando a idea de que estamos nun país laico onde todo mundo tamén ten que ter o dereito de organizar e facer a súa vida, ou incluso os seus festexos, como así o estime, pois así traemos este Regulamento que é moi sinxelo e que ademais se o miran verían que está practicamente calcado de regulamentos doutros concellos, de Lugo, de Pontevedra, da provincia da Coruña.

Eu insistiría na cuestión de que isto non ten ningún impacto, como xa se di na proposta, na actividade económica e non impón ningunha obriga aos destinatarios, é dicir, é unha cuestión voluntaria; e como é unha cuestión voluntaria o que damos opción a que alguén voluntariamente se se quere acoller a isto, se quere facer estes actos de benvida, o poida facer tamén no Concello de Bergondo como así o están facendo noutros sitios.

Xa digo, non ten tampouco ningún dereito administrativo nin moito menos, non sabemos tampouco se isto de repente vai haber unha cantidade tremenda de solicitudes; se nos baseamos nas solicitudes de matrimonios civís que hai no Concello de Bergondo, podemos dicir que tampouco hai un excesivo número de matrimonios comparado con outros concellos.

As condicións que se poñen é que sexan de aquí, non puxemos tampouco idade, entendemos que non eramos quen para impoñer que se dous anos, tres anos, ou demais, e esa é a nosa proposta.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a queda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu non se moi ben que opinar disto. O que si estou segura é que bautismo e comunión son propios do cristianismo, calquera outra cousa que se lle queira chamar ou o que sexa, non ten nada que ver con isto.

Este acto que se pretende non produce efectos legais de ningún tipo, como podería ser o matrimonio civil que si que reconece dereitos aos contraentes, aos seus fillos, etcétera..., polo que se ve é potestativo de cada concello.

Eu levo anos pedíndolle a vostede que sexamos pioneiros, pero que sexamos pioneiros en temas que realmente importan aos nosos veciños; é que me sorprende tanto a eficacia desta solicitude, cando o outro día me comentaba que só hai un veciño interesado, cando temos centos de demandas sen cubrir, a verdade non o podo entender.

A verdade é que non vou entrar no tema, en todo caso non teño nada con que se fagan acollementos civís, pero entendo sería unha iniciativa mais de ámbito estatal que regule todos estes actos para a poboación laica; que xa lle digo, non teño ningún inconveniente, pero non quero ser concello pioneiro por iso.

Sra. alcaldesa: non somos concello pioneiro, neste....

Sra. concelleira: case...

Sra. alcaldesa: non, asegúrolle que non, se un se pon a mirar asegúrolle que aparecen moitos mais dos que de primeiras podería pensar, e o feito de que veña a pleno é porque era unha cuestión bastante sinxela, tampouco requiría

de informes de Intervención, informes xurídicos, é dicir, que pola súa sinxeleza era unha cuestión que se podía tramitar con certa rapidez, iso non quere dicir que ás veces se deixan de facer unhas cousas para facer outras, obviamente.

Claro que o bautismo é cristián e a primeira comunión o mesmo, por iso eu dixen para que nós entenderamos, o tema dos bautizos civís, pero claramente nós o que aprobamos é un Regulamento de acollemento civil ou acto de benvida, non metemos a palabra bautizo por ningún lado, porque esa é precisamente a simboloxía relixiosa que non ten este Regulamento nin o acto que se pretende con el.

Se fora o Estado quen o regulase, pois mellor, niso estou totalmente de acordo con vostede, se iso estivese regulado a nivel estatal non teríamos que estar os concellos facendo estes regulamentos, igual que noutras cousas que tamén....

Sra. concelleira: eu opino que cando non entra o Estado é porque a demanda non é tan grande, porque senón seguro que entraría.

Sra. alcaldesa: nunca se sabe...

Sr. voceiro do PP: nós ímonos abster.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: o noso voto é favorable. Vou discrepar con vostede nunha cousa...

Sra. alcaldesa: non pasa nada...

Sr. voceiro: houbo unha época na que o Estado regulaba todas estas cuestións de forma férrea, é dicir, o Estado regulaba que estaban prohibidos os matrimonios civís, estaba prohibido o divorcio, xa non falemos de unións entre persoas do mesmo sexo, etcétera, etcétera; ou sexa que, en principio, unha pequena prevención ao respecto, sobre regulación do Estado.

Sra. alcaldesa: son temas diferentes pero si que é certo. E só un matiz, no seu día cando polo Estado se aprobou a Lei do divorcio parecía que era obrigatorio que a xente se divorciase, o que se dá son dereitos, opcións de dereitos para que a xente o faga; nós con isto, obviamente non estamos obrigando a ninguén a que faga nada senón que é un dereito ao que voluntariamente poden acollerse.

Sra. concelleira non adscrita: pero a ver, eu de todos modos a ver se me enteiro, porque queren facer os mesmo ritos que a relixión cristiá pero polo lado laico, non?

Sra. alcaldesa: cambiados, obviamente o rito non é o mesmo, pode parecer....

Sra. concelleira: pero é nos mesmos tempos... porque non inventan outra cousa? porque non se inventa outro tipo de cousa...

Sra. alcaldesa: inventarase....

Sra. concelleira: vimos falando da presentación en sociedade que se facía antes, aos dezaioito anos, ridiculez extrema probablemente, seguro que si....

Sra. alcaldesa: absolutamente...

Sra. concelleira: pois a min isto paréceme mais do mesmo, a verdade.

Sra. alcaldesa: eu o vexo distinto, pero ben, obviamente son opinións.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: só unha cuestión, eu lembro..., non hai tanto, e todos nós lembramos, unha das cuestións que os que se opoñían á unión entre persoas do mesmo sexo, que se utilizaba a palabra matrimonio; dicíase que a palabra matrimonio é unha cuestión que designa unha unión baixo a confesión católica ou outra confesión, pero sempre hai un sentido relixioso, así que non se debería utilizar a palabra matrimonio, lémbreme un pouquiño e non a estou acusando....., non quero facer iso....

Sra. concelleira: pero matrimonio é unha palabra que está no código civil para definir unha unión, si que para a relixión católica efectivamente é unha unión entre un home e unha muller; para a os cristiáns era así..... pero non é a definición da palabra matrimonio que prevé o código civil, creo recordar....

Sra. alcaldesa: non é agora, pero unha palabra que empezou tendo un significado relixioso como parte dun sacramento eminentemente relixioso, e que tiña un significado profundamente relixioso ao final acabou derivando nese significado civil co tempo, entón como vostede di está regulado. Pero este é un debate....

Sra. concelleira: non o sei... eu son de Ciencias, non me coñezo ese tipo de temas en profundidade....

Sra. alcaldesa: un debate lingüístico....

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de SON de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor e tres (3) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

12. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 26 de xuño ao 21 de xullo de 2017, ámbolos dous incluídos, numerados do 611/2017 ao 707/2017. O Pleno queda enterado.

13. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Por parte da Alcaldía propónse un asunto urxente, cuxa proposta foi remitida por correo electrónico aos señores/as concelleiros/as durante a xornada de hoxe. Fundamentase a urxencia nunha cuestión de prazos para remitir o expediente administrativo en prazo ao xulgado do contencioso-administrativo e persoarnos no mesmo, que ten a data de celebración en outubro, e no pleno de setembro se estaría moi xusto de tempo para realizar eses trámites.

De conformidade co disposto nos artigos 51 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, debe someterse ao voto do pleno a declaración de urxencia e a procedencia do seu debate; e por unanimidade de votos a favor, - cinco (5) do grupo municipal do PSdG-PSOE; dous (2) do grupo municipal de SON de Bergondo-Anova: dous (2) do grupo municipal do Partido Popular: e un (1) da concelleira non adscrita-, o pleno aprecia a xustificación da urxencia e a procedencia do debate da proposta.

13.1.- PERSOAMENTO E REPRESENTACIÓN XUDICIAL NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, ANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N°1 DA CORUÑA PA 149/2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta aos/ás asistentes da proposta da Alcaldía que transcrita literalmente di:

"Con data 24 de xullo de 2017, e núm. de rexistro de entrada 5453, recíbese neste Concello escrito do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 da Coruña, no que se notifica que admítase a trámite o recurso contencioso administrativo, procedemento abreviado nº 149/2017, interposto por María Pardo Fafián contra o acordo plenario do 25 de maio de 2017 desestimatorio do recurso de reposición interposto pola recurrente en materia de compatibilidade, e contra a resolución da alcaldía núm. 452/2017, do 18 de maio, desestimatoria do escrito presentado pola interesada o 26 de abril de 2017 contra actos de execución do acordo plenario do 30 de marzo de 2017; solicitan a remisión do expediente administrativo e sinálase vista para o vindeiro 19.10.2017, ás 10:45 horas.

Considerando que debe preparase o expediente administrativo para a súa remisión ao Xulgado e a defensa municipal; considerando que o mes de agosto é inhábil a efectos xudiciais; e engadido a que non hai pleno ordinario no mes de agosto, non pode deixarse para o pleno ordinario do mes de setembro, xa que non poderían cumprirse os prazos sinalados na Lei 28/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Considerando que, ao recurrirse no mesmo procedemento, dous actos administrativos, un de competencia da alcaldía -a resolución núm. 452/2017-, que consonte co disposto no artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competente a alcaldía para a defensa do concello en materias da súa competencia; e outro de competencia do Pleno -o acordo plenario do 25.05.2017-, en materia de compatibilidade, competencia plenaria consonte o disposto no artigo 9 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, correspóndelle ao pleno adoptar o acordo en materia de defensa da Corporación.

De conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Entes Locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión do 25.05.1988, publicado no B.O.P. nº 245 de 25 de outubro de 1988.

Visto o artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; en consecuencia, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Persoarse no procedemento citado perante o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 da Coruña, en relación ao procedemento abreviado 149/2017, exercitando este Concello a súa defensa, encomendando tal defensa e representación ao Letrado-Asesor Xurídico da Excm. Deputación Provincial da Coruña, D. Ramón Valentín López Rey, ou calquera outro Letrado adscrito a dita Asesoría Xurídica, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Entes Locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión do 25.05.1988, publicado no BOP núm. 245 de 25 de outubro de 1988.

SEGUNDO.- Que pola alcaldía se proceda ao outorgamento dos poderes xudiciais que resulten pertinentes e de cantos documentos sexan necesarios a tal fin.

TERCEIRO.- Comunicar esta designación ao Letrado-Asesor Xurídico da Excm. Deputación Provincial e ao mesmo tempo facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.

CUARTO.- Remitir o expediente administrativo ao Xulgado do contencioso administrativo nº 1 da Coruña, para os efectos do disposto no artigo 50.2 da LXCA e emprazar a todos os interesados no expediente administrativo para que poidan comparecer e persoarse en autos mediante Procurador con asistencia de Letrado ou valéndose tan só de Abogado con poder para o efecto, perante o Xulgado do contencioso administrativo nº 1 da Coruña (R/ Capitán Juan Varela s/n. 3º andar. 15009 A Coruña) no prazo de nove días.

Bergondo, na data indicada na marxe.
A alcaldesa-presidenta. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: non é habitual que este tipo de cuestións veñan a pleno porque case sempre son competencia da Alcaldía, e tal e como se di, porqué se recorren dúas cuestións, unha é competencia de Alcaldía e outra de competencia plenaria.

Dise xa na propia proposta que é un expediente competencia do pleno e polo tanto debe ser o pleno o que faga esta pronunciación, é basicamente a de persoarse no procedemento e a de encomendar a defensa ao letrado da Deputación. Polo tanto é a proposta que se trae ao pleno, que se persoe e que esa defensa se faga a través de letrado da Deputación, que por certo xa foi o que fixo no seu día un dos informes cos que contaba o expediente.

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total dez (10) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar paso ás preguntas presentas para esta sesión, a Sra. alcaldesa da resposta a unhas preguntas realizadas no pleno anterior polo grupo de Veciños de Bergondo:

1.- Rogamos que no próximo pleno nos diga como está a elaboración do Plan Xeral.

Sra. alcaldesa: entendemos que xa a piques de entregar o documento, xa que están vostedes convocados para a Comisión do PXOM do próximo luns, onde a previsión é de que se entregue o borrador do documento.

2. Igualmente nos diga cando vai convocar a Comisión de vertidos, se no próximo pleno nos pode indicar algo.

Sra. alcaldesa: a verdade é que aínda non temos data.

3. Que tipo de accións vai realizar o concello contra a sentenza da Pedralba.

Sra. alcaldesa: a verdade que contra a sentenza nada porque en todo caso lle está dando a razón ao concello, por certo, despois de catro sentenzas favorables; pero aínda estamos no proceso que cabe recurso de casación e polo tanto a resolución non é firme, cando sexa firme se verá se deciden presentar un plan especial para legalizar ou o que sexa, polo tanto polo de agora o resumo é que non estamos en sentenza firme.

4. Xa que neste pasado pleno nos dixo que efectivamente a RPT está fóra de prazo que é o que se vai facer con ela.

Sra. alcaldesa: a RPT non está fóra de prazo, rematou o contrato, pero como así se comentou no seu día o compromiso era de finalizala e polo tanto se segue traballando na proposta, cremos que xa pouco queda por negociar, pero previsiblemente aínda teremos unha mesa de traballo proximamente.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M.^a Cacharrón Castelos

V. e Pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez